

Centenario do
Centro Partido
do Carballiño
en Arxentina



Páxina 17

Mellora na
ronda de
María Casas,
en Monforte



Páxina 19

Mondariz,
Balneario e
Covelo esixen
pediatra



Páxina 19

O Pleno da luz
verde ao
orçamento da
Deputación de
Pontevedra



Páxina 23

200 novas
prazas de
aparcamento
gratuito na
Devesa, Salceda



Páxina 31



A Alcaldesa do Porriño absolta

Páxina 31

Entrevista



Gonzalo Caballero

“Cremos que o conxunto de
forzas da esquerda non
deberíamos caer nas
estratexias do PP”

Páxina 8



UNIDAD DE CIRUGÍA LAPAROSCÓPICA

Equipo liderado por los doctores
Marta Salgado y Alejo Muínelo



Mínimamente invasiva

Recuperación más rápida

Disminución estancia hospitalaria

Menor riesgo de infección

Menor dolor postoperatorio

Opinión

Por Óscar Lomba

Protección ou control de datos?

Lembro que lin a novela 1984 de Orwell hai moitos anos. Ese libro é unha desacougante interpretación futurista da opresión do poder estatal, situada en 1984 nunha sociedade dominada por un sistema totalitario controlada polo Gran Irmán. Londres, 1984: Winston Smith decide rebelarse ante un goberno totalitario que controla cada un dos movementos dos seus cidadáns e castiga mesmo a aqueles que delinquen co pensamento. Consciente das terribles consecuencias que pode carrexar a disidencia, Winston únese á ambigua Irmandade por mediación do líder O'Brien. Paulatinamente, con todo, o noso protagonista vai comprendendo que nin a Irmandade nin O'Brien son o que aparentan, e que a rebelión, ao cabo, quizais sexa un obxectivo inalcanzábel.

E vén a conto esta breve explicación da trama dese magnífico libro de Orwell porque opino que a tendencia actual apunta a un mundo ateigado de cámaras de seguridade, a unha xeralización do rastreo e fichaxe de tendencias ideolóxicas por medio das web que pode visitar a cidadanía, a localización da posición de cada individuo ao utilizar un teléfono móbil, o rastreo do uso de tarxetas de crédito e xa ultimamente mesmo ao control de preferencias e gustos por medio de facebook ou twitter.

O control da información relativa á cidadanía por medio do tratamento informático é preocupante. O 4 de agosto do ano pasado, o deputado Miguel Anxo Fernán-Vello (Grupo Par-

lamentar de Unidos Podemos-En Comú Podem-En Marea) formulou unha pregunta ao goberno, para a que demandaba resposta por escrito, relativa ás garantías e protección dos dereitos das persoas en relación á web do Ministerio do Interior Stop Radicalismos.



Lembraba o deputado que desde 2015 ESCULCA (Observatorio para a Defensa dos Dereitos e Liberdades) formulou diferentes peticións de información que tropezaron sempre coa opacidade das institucións públicas.

En decembro de 2015, o devandito observatorio formulou petición de acceso á información ao abrigo do art. 17 da Lei 19/2013 de 9 de decembro, de Transparencia, Bo Goberno e Acceso á Información verbo de determinados aspectos do mecanismo para recoller denuncias anónimas por medio da páxina stop-radicalismo@interior.es, mais tamén a través do teléfono 900.822.066, do correo electrónico stop-radicalismo@interior.es e da apli-

cación "alertcops".

En concreto, ESCULCA demandaba información sobre medios de acceso, rectificación e cancelación das persoas interesadas en relación cos datos persoais dos que foren titulares incorporados ao devandito ficheiro; cesións previstas dos citados datos, transferencias previstas e destinatarios das cesións e transferencias; garantías establecidas nos sistemas creados para evitar a comunicación de datos e denuncias falsas tendo en conta o carácter anónimo da denuncia e o período de conservación dos devanditos datos.

Aínda por riba o actual goberno aprobou unha nova lei denominada Lei de Protección de Datos e Garantías de Dereitos Dixitais que modifica, entre outras, a Lei Orgánica do Réxime Electoral Xeral (LOREX) posibilitando aos parti-

dos prácticas consideradas ilegais para o resto de colectivos. De acordo con esta lei e tendo en conta as modificacións derivadas da mesma non terán consideración de actividade ou comunicación comercial nin o envío de propaganda electoral por medios electrónicos ou sistemas de mensaxeiría nin a contratación de propaganda electoral en redes sociais ou medios equivalentes.

Paréceme realmente alarmante esta noticia aparecida en numerosos medios de comunicación sobre a modificación da Lei Orgánica do Réxime Electoral Xeral (LOREX) por medio da Lei Orgánica de Protección de Datos e Garantía dos Dereitos Dixitais e por iso acho conveniente lembrar que a Axencia Espa-

ñola de Protección de Datos (AEPD) manifestou recentemente que o mencionado texto legal non permite o tratamento de datos persoais para a elaboración de perfís baseados en opinións políticas. Tampouco permite o envío de información personalizada baseada en perfís ideolóxicos ou políticos. Debería quedar claro que só permite, conforme ao Considerando 56 do Regulamento Europeo de Protección de Datos, a recompilación, por parte dos partidos políticos, de datos persoais relativos a opinións políticas para obter información que lles permita pulsar as inquedanzas dos cidadáns co fin de poder darlles resposta nas súas propostas electorais. Esta interpretación fundaméntase na supresión do termo "tratamento" recollido na emenda 331 inicialmente presentada no Congreso. Este criterio baséase, asemade, na supresión do apartado 2 de devandita emenda, que permitía a difusión de propaganda electoral baseada en perfís ideolóxicos con determinadas garantías. O texto permite o envío de propaganda electoral sen que o seu contido poida basearse nos perfís antes citados, identificando en calquera caso a súa natureza electoral e garantindo o exercicio, simple e de balde, do dereito de oposición.

No futuro deberemos estar moi atentos ao desenvolvemento regulamentario desta nova Lei e vixiar se respecta todas as garantías establecidas no Regulamento Europeo de Protección de Datos.

** Óscar Lomba é licenciado en dereito e membro de ESCULCA.*



Director: Guillermo Rodríguez Fdez.
T.658 58 50 49
guillermo@novasdoeixoatlantico.com
Edita: Editorial NOVAS DO EIXO ATLÁNTICO S.L.
Avda. Sarmiento Rivera, 4-4ºD
(36860 PONTEAREAS - GALIZA) - T. 986 64 12 69
redaccion@novasdoeixoatlantico.com

Imprime: Publicaciones Tameiga S.L.
Publicidade: Departamento propio e axencias
publicidade@novasdoeixoatlantico.com
Fotografía: Hernández e departamento propio
Deseño e maquetación: Fran Eiró

Colaboradores:
GALIZA: Rocío Rodríguez – Montserrat Rodríguez – Porto Ucha – Raquel Vázquez – C. Méixome – M. Xiraldez – M. Rguez. Alonso – X. Maure – Uxío Breogán – Pérez Lema – X. Glez. Mtnez. – M. Bragado – B. Iglesias (Mero) – Nemesio Barxa – Andrea Goro – Anxo Mena – I. Otero Varela – Susi Rodríguez – Jesús Témez Fernández – Isidoro Gracia – Roberto Carlos Mirás – Rafael José Adalid – Laura de Cáceres – Kiko Neves – Ramón Mariño – Manuel Estévez.
PORTUGAL: Viale Moutinho – Manso Preto – Isabel Varela – João Martinho.
MADRID: Juan Louzán – **BARCELONA:** Fdez. Valdeorra – **PAIS BASCO:** Nicolás Xamardo.
CANARIAS: Fco. Puñal.
NOVA IORQUE: Fco. Alvarez (Koki)
Fotografía: Hernández – A. Gutiérrez – M. Preto – Dpto. Propio.
Humor: Tokio, Martirena – Pepe Carreiro – X. Marín – Xosé Manuel Fernández Montes (Hermanager Produccións) – Ignacio Hortas – Francisco Puñal – Felix Ronda – Fuco Prado – Sex.

Depósito legal: VG-138-2015



Por: Guillermo Rodríguez

Director

Bon Nadal e Venturoso 2019

Estamos a punto de despedir o 2018. Un ano cheo de sobresaltos e de novidades inesperadas. Sen embargo o vindeiro 2019 xa se nos presenta con ánimos de non ser menos. Este mesmo mes ocorreron cousas que van definir bastante os aconteceres do vindeiro ano.

Non imos deternos en pormenores soamente lles anunciaremos algunhas das cereixas que fixeron o aceno de saír do noso cesto. Ordenámoslle que se detiveran porque non lle queremos amargar o turrón do Nadal. É suficiente que lles anunciemos para que se vaian facendo sabor de boca. Se o desexan poden asolagarse nelas cada quen a súa maneira, De seguro que lle atopan tanto interese como nos ocorre a nós.

Vexamos unhas cantas a maneira de sumario:

-Eleccións andaluzas. Para uns foi un desastre, aínda que repitan aquilo que dixo Felipe González nunha ocasión parecida: amarga vitoria. Para outros foi chegar e bicar o santo, Un bico para algúns envelenado. Outros están ledos por crecer e outros por non perder tanto como esperaban. Que vai pasar agora? Difícil resposta pero visto o visto: os socialistas vanse ver descabalgados do seu eterno potrillo.

O PP xa lle ofrece trozo do pastel a VOX. Acabaran, xunto a Cidadáns nun "mènage a trois".

O asunto do Brexit estivo en pantalla moito tempo. Agora parece todo máis tranquilo; aquí, porque en Reino Unido

teñen tomate. Os laboristas esíxenlle a Teresa May, no Parlamento, que mostre os informes legais dos acordos con a UE. A ilustre dama tenos gardados con sete chaves; teme que se os coñecen antes de ter que aprobalos boten a correr e a deixen soa no altar da sinatura do acordo de saída..



-Bárceñas pásalle o marrón da Caixa B do P.P. ao morto Lapuerta. Os mortos xa non se poden defender. Di que el era un simple (eu diría un vulgar) amanuense.

-Macron en Francia tivo que envainala e pospoñer a subida dos combustibles 6 meses; logo, xa veremos. O que sí está visto é que O Gran Hermano galo vains permitindo pequenas vi-

torias pírricas para que pensemos que aínda lle podemos botar un pulso. Craso error. O pescado está todo vendido nesta lonxa da vida na que espartamos cada mañá.

Dinamarca, a onde chegaron ao Poder algúns dobermans, non se lle ocorreu nada mellor que habilitar

Marsall actual, ponnos diante dos fuciños unha guinda en forma de Novo Disney, o Elysium City. (Elysium significa felicidade no grego antigo).

A instalación dun moderno Eurovegas con catro casinos, un estadio, un centro comercial, porto deportivo, hoteis, vivendas, etc. etc.

Mostran o caramelo de sempre: 3.500 postos de traballo na fase de construción para pasar aos 15.000 postos de traballo no prazo de cinco anos.


Diante destes números as autoridades locais "báixanse os pantalóns" e non cobran.

Como ven, aquí hai tomate suficiente para unha novela de terror; porque terror é o que nos mostran os que deciden que facer das nosas vidas. Eles mandan e ordenan. Nós, as veces pataleamos, outras nen iso. Estamos xa tan alienados, tan drogados que todo nos parece ben; ou, polo menos, aceptable.

Nestes días en que un ano se nos vai, so desexo que o pasaran o mellor posible e que o vindeiro se lles presente menos duro, mais condescendente, mais amigable, máis humano. Só temos unha vida (bueno eu non o teño nada claro), tratemos de vivila entre os nosos amigos e familiares; disfrutemos da súa compañía e fagámoslle nós a eles tamén a vida máis grata, máis agradable, mellor.

Como dician Tip e Coll "o próximo número falareilles do goberno".

Bo Nadal e Venturoso 2019



ecocelta®
Naturaleza en equilibrio

Abonos e sustratos ecolóxicos

Materias primas de Galicia

Ecocelta Galicia, S.L. T. 986 645 487 administracion@ecocelta.com
Crta. PO-253 km 0,8 Pontacóns-Pías 36895 Ponteareas

Ecocelta co campo galego



Galicia

Redacción SANTIAGO

350.000 euros para o arranxo da cuberta do pavillón municipal Quiroga Palacios

A Xunta de Goberno aprobou este venres o proxecto de reparación da cuberta do pavillón municipal Quiroga Palacios, unha actuación na que se van investir case 350.000 euros. O alcalde recordou que "nestas instalacións véñense rexistrando incidencias de maneira reincidente, relacionadas sobre todo coas filtracións de auga". Martiño Noriega apuntou que "estas obras son especialmente necesarias porque a cuberta do

pavillón funciona tamén como patio de recreo do CEIP, que vén de celebrar o seu 50 aniversario".

A cuberta do pavillón Quiroga Palacios fora sometido a anteriores reparacións parciais, que non evitaron as frecuentes filtracións de auga, que tamén están relacionadas cos danos nas fachadas do propio edificio do colexio. Ademais, a cuberta funciona como patio do centro, e neste punto tamén existen problemas relacionados co estado

do pavimento e cos peches laterais da pista deportiva, que tampouco cumpre cos criterios de accesibilidade. Deste xeito, o proxecto aprobado hoxe contempla tanto a substitución da impermeabilización da cuberta como a renovación do pavimento do patio, coa construción dun novo peche e dunha rampla que mellore a accesibilidade. A actuación conta cun orzamento de case 350.000 euros, e un prazo de execución de dous meses.

Aprobada a resolución da convocatoria de bolsas de comedor, adquisición de materiais e actividades extraescolares

A Xunta de Goberno aprobou, en sesión extraordinaria, a resolución da convocatoria de bolsas de comedor, adquisición de material escolar e actividades extraescolares.

En total concedéronse 1.165 bolsas, 1.095 na modalidade de escaseza de recursos (521 de comedor, 431 de actividades e 143 de material) e 70 na modalidade de conciliación. Comparativamente cos anos anteriores, existe un incremento do 4,41% en relación ás bolsas concedidas o ano pasado e do 48,74% en relación a hai dous cursos académicos.

O Concello de Santiago destinou un total de 586.000 euros á convocatoria de bolsas, dos cales 554.500 euros están destinados á modalidade de escaseza de recursos e 31.500 euros a modalidade de conciliación, que experi-

mentou un crecemento do 40% con respecto ao ano pasado.

Na convocatoria do curso 2018/2019, ademais de incrementarse a contía total do orzamento, mudáronse as contías, cun máximo de 90 euros ao mes para sufragar os gastos de comedor escolar e establecéndose un fixo de 30 euros para actividades extraescolares.

No caso das 70 bolsas de conciliación concedidas, ascenden a 45 euros ao mes e as contías das bolsas para a adquisición de material escolar ascenden a un pago único de 60 euros.

Entre as novidades máis importantes está a simplificación na xustificación por parte das entidades colaboradoras e a maior protección dos e das menores de idade que se atopen en situación de vulnerabilidade social.

Os dez finalistas de Santiago(é)tapas mediranse na gran final durante a vindeira fin de semana

A undécima edición do concurso Santiago(é)tapas xa ten dez tapas finalistas, escollidas polo xurado profesional entre as 101 propostas dos 68 locais participantes na primeira parte do concurso, que se desenvolveu do 15 de novembro ao 2 de decembro.

As tapas que se medirán na gran final da vindeira fin de semana son: Castañas e mexillóns, de O Ferro ; Ramen xaponés que se volveu galego (chegar e encher), de Izakaya Markesa ; Montadiño Tenreira-Arzúa-Ulloa, de A Viaxe ; Cilindro do lombo baixo vitela galega con dado de pataca e queixo, de A Nave de Vidán ; Lacón + castañas + San Simón, de A Tasquiña de San Pedro ; Croqueta, de Artesana ; Pan de palheiro, de Solleiros ; Mexillón recheo, cristal de castaña e fabas con pataca codium, de El Bocalino ; Ostra en escabeche, de A Ostrería ; Pataca Quechola, de Doña Ana.

Na gran final, do 7 ao 9 decembro, os establecementos finalistas ofrecerán a súa tapa ao público. A votación popular destes tres días unirase á valoración dun novo xurado profesional para outorgar os premios desta edición, que serán entregados nunha festa de entrega de premios o 18 de decembro: o Primeiro Premio Santiago(é)tapas, dotado con 1.000 euros; o Segundo Premio Santiago(é)tapas, con 500 euros, e o Terceiro Premio Santiago(é)tapas, con 500 euros en produto.



Ademais, o público premiará directamente cos votos xa emitidos entre o 15 de novembro e o 2 de decembro a dúas tapas. A Primeira Tapa do Público recibirá 700 euros e a segunda, 300 euros. Finalmente, o premio Premio(é)tapas+, de 700 euros, outorgarase á persoa ou colectivo que mellor difusión faga do concurso a través de Facebook e Instagram.

Por cuarta edición consecutiva, Santiago(é)Tapas está organizado de modo conxunto por Turismo de Santiago e a Asociación Hostalaría Compostela, nun modelo de coparticipación entre o Concello e o sector privado da cidade. Conta con Mahou como patrocinador principal, o copatrocinio xa tradicional de Cash Récord e Coca Cola, e a colaboración institucional da Deputación da Coruña.

Proxecto piloto de "realidade mellorada"

A Xunta de Goberno do Concello de Santiago de Compostela deu o seu visto bo a un convenio de colaboración entre o Concello e Orange para desenvolver en Santiago un proxecto piloto de "realidade mellorada con infraestrutura 5G e cámaras 360° e información enriquecida para o turista", que tamén chegará a Barcelona, Sevilla, Málaga, Valencia e Bilbao.

O proxecto ten como obxectivo "a visualización en tempo real de imaxes procedentes de lugares turísti-

cos, de interese para o público en xeral e en particular para persoas con mobilidade reducida, e que permitirán mellora a experiencia dos turistas, con información complementaria á habitual mediante o uso da realidade virtual". A intención de Orange é instalar a infraestrutura en puntos simbólicos da cidade, sempre que sexa compatible coa normativa específica de cada área de implantación.

O convenio non suporá ningún custo económico para o Concello.

RE vive

SANTIAGO EDUSI

CIDADE ACCESIBLE, INCLUSIVA E PATRIMONIAL

www.revivesantiago.gal



**CONCELLO DE
SANTIAGO**



UNIÓN EUROPEA

Fondo Europeo
de Desenvolvemento Rexional
Unha maneira de facer Europa

Opinión

Cadernos da viaxe

Por Xoán Antón Pérez-Lema

Cen anos de nacionalismo galego

"Tendo a Galicia total-as características esenciaes de nazonalidade, nós, nomeá-monos, d-oxe pra sempre, nazonalistas galegos, xa que a verba rexonalismo non recolle total-as aspiracións nin encerra toda a intensidade dos nosos problemas". ()*

() Manifesto da I Asemblea Nacionalista de Lugo; 18.11.1918.*

Cómprense cen anos da Asemblea Nacionalista de Lugo, na que o galeguismo prenacionalista que operaba dende o Rexurdimento definiuse en diante como nacionalista por considerar Galicia como nación.

Esta Asemblea xuntou case cen entidades culturais e concellos, sobranceando entre elas as Irmandades da fala constituídas, a máis antiga a d'A Coruña. E xuntaba tamén un galeguismo de clara raigame progresista e democrata, herdeiro de Murgía ou Vicetto, canda sectores socialistas (Xaime Quintanilla) e un galeguismo conservador, herdeiro de Alfredo Brañas.

O Manifesto coincide co remate da guerra europea e amosa ser tributario da teoría da autodeterminación das nacionalidades do presidente USA W. Wilson e do impacto da rebelión nacional irlandesa (Easter Rising) de 1916. Os nacionalistas galegos acordan conquistar do "Goberno da Súa Maxestade" a autonomía integral de Galicia e mesmo presentar o seu caso perante a Liga de Nacións (daquela en constitución).

As propostas aprobadas amosan un grande coñecemento do País e una grande modernidade, polo que continúan en certa parte moi vixentes. Velaí a igualdade entre home e muller, o sistema electoral proporcional, a cooficialidade do galego, a supresión das Deputacións, a autonomía local, un autogoberno amplísimo que monopolizaría a asistencia social, a educación e todas as funcións administrativas e máis a unión confederal ibérica de Galicia, Castela, Euskadi, Catalunya e Portugal.

Dende 1918 o galeguismo adquire a

maioría de idade para ver Europa e o mundo por si propio, sen a intermediación española. Deste xeito vai formar a Tripla Alianza (1923) con vascos e cataláns frustrada pola Ditadura primoriverista e converxer no Partido Galeguista (1931), motor do Estatuto aprobado no referéndum de xuño de 1936 polo voto favorable de case o 74% do censo.

As ideas de hoxe de grande parte da sociedade galega en canto á existencia dunha personalidade de noso, a lingua propia como valor, as vantaxes do autogoberno ou Galicia como medida de referencia conectan historicamente co xuntoiro de Lugo de 1918.

A arrincadeira.- Escocia cara ao segundo referéndum de independencia?

No referéndum de setembro de 2014 a cidadanía escocesa rexeitou a independencia cun 45,5% de votos fronte ao 54,5%. Un dos argumentos fulcrais para manter a unión foi a da pertenza europea, seica votar contra a independencia mantería Escocia na Europa. Mais no referéndum do brexit de xuño de 2016 os escoceses votaron cun esma-

gador 62% a súa permanencia na UE.

Porén, malia esta votación, Escocia tería que abandonar a Unión Europea canda o Reino Unido, mentres seica Irlanda do Norte mantería en calquera caso unha vinculación alfandegaria. A first minister escocesa, a independentista Nicola Sturgeon (SNP) denuncia arestora que só a independencia de Irlanda garante os dereitos do Ulster, que Europa só reconece aos Estados soberanos, mentres constata a existencia de millóns de escoceses enganados polas falsidades do unionismo na campaña de setembro de 2014.

O Parlamento escocés podería convocar unha consulta non vencellante, mais seica o Goberno do Scottish National Party agardará á solución definitiva desta crise para acadar un pacto cara un segundo referéndum vinculante, diante da evidencia de que medrou nestes catro anos os seareiros da independencia, sen acadar aínda, porén, unha clara maioría absoluta.



O exemplo do Centro Galego de Bruxelas

O Centro Galego (CG) de Bruxelas é titular dunha moi aquela instalación de concertos e ventos, La Tentation, onde se desenvolven toda caste de actuacións. O sábado 8-D está previsto un concerto de varios artistas e grupos cataláns, mallorquíns (Valtonyc) e vascos (Kepa Junkera), promovidos pola asociación patriótica catalá CATGlobal, na súa sala Rosalía, que leva o nome da poeta nacional galega. Un concerto dedicado aos presos políticos cataláns e que tenta achegar

cartos para esta finalidade.

Os CG, no noso País, son institucións privadas, mais partillan da rede da galeguidade no exterior, receptora de axudas públicas (Leis da Galeguidade do 1983 e 2013). Os CG constitúen unha urdime avantaxosa, con potencialidade abonda para representar con grande suceso ás nosas empresas e á nosa cultura, malia que dende o PPdeG só se saiba ollar cara elas como elementos de propaganda partidista.

O presidente Núñez Feijóo e máis o

secretario xeral de Emigración do Goberno, o alaricano A.R. Miranda, han pensar que os CG todos do exterior, que adoitan vivir (polo menos na Europa) en ecosistemas democráticos, son tan mandadiños como algunhas das institucións privadas galegas que adoitan semellar inertes perante a omnipresenza da Xunta de Galicia.

Cando na nosa Galicia temos sociedade civil abonda para amosar outra caste de resposta diante destas agresións gratuitas ás liberdades da cidadanía, neste caso ás liberdades dos presos políticos e exiliados cataláns e ao dereito de decidir dos cataláns. Porque Galicia non quita beneficio ningún dunha actitude silente que semella

pairar riba dos partidos, sindicatos e axentes sociais galegos despois das eleccións do 21-D, como se na batalla da Catalunya non estivésemos a xogar cuestión fulcrais para a cidadanía galega no ámbito dos nosos dereitos fundamentais e do noso dereito a decidir como nación.

En calquera caso, malia que o CG de Bruxelas perceba subvencións da Xunta (menos dun 1,5% do seu orzamento anual) non deixa de ser unha institución privada e independente, suxeita nomeadamente ás leis da cidade de Bruxelas e do reino plurinacional dos belgas.

A Galicia exterior vive, ás veces, fóra do alcance das gadoupas do Goberno galego. Neste caso por sorte.

Presos políticos en folga de fame

Os deputados cataláns de Junts per Catalunya, Jordi Sánchez (antigo presidente da Assemblea Nacional de Catalunya-ANC-) e Jordi Turull (conseller de Presidencia con Puigemont) veñen de decidir unha folga de fame para denunciar, ao xeito da tradición da non violencia do Mahatma Gandhi e do alcalde de Cork, Terence Mc Swiney, a parálise dos seus recursos de amparo fronte ás interlocutorias do Tri-

bunal Supremo que acordaron a súa desaquella prisión preventiva.

A importancia destes recursos de amparo, interpostos algún deles hai máis dun ano, é que mentres non sexan rexeitados os presos políticos non poden acudir á vía do Tribunal Europeo de Dereitos Humanos (TEDH). Nun 98 ou 99% dos casos os recursos de amparo son inadmitidos por falla de interese constitucional. Éstes foron admitidos e

avocados ao coñecemento do Pleno. Mais non é xustificábel o atraso na resolución, só entendíbel no contexto de atrasar tamén o acceso á xurisdición europea de dereitos humanos.

Pedro Sánchez prometeu un xuízo xusto, mais despois das eleccións andaluzas do domingo e da enxurrada-reitista que botou fóra Susana Díaz do Goberno meridional, a tensión que xerará este xuízo entre unha España do centro e do sur botada ao monte do españolismo máis irredento e un 80%

de cataláns solidarios cos presos políticos vaille impedir calquera paso cara unha solución política do problema.

O que si amosará esta folga de fame son as limitacións democráticas deste xuízo diante da Europa e o mundo todo. Mais o 16,2% de votos de Vox na Andalucía fai agromar un euroescepticismo trumpiano que tamén se alimenta do rexeitamento ás decisións xudiciais europeas. A dereita radical tripolar tenderá a se desvencellar da Unión Europea.

■ Por Baldomero Iglesias Dobbario, Mero

Empresas de triste nome que enriquecen nas nosas fames

Primero Portomarín, despois Castrelo do Miño, despois tocoulle ás Encrobas, sufrir parello destino. Así reza o texto de Manuel María que preconizaba unha industrialización “a machado”, nunha Galiza sempre esperanzada, e que aínda se doe daquelas e outra moitas feridas que no seu seo se produciron. Unha Galiza que confiaba nos políticos e científicos sabedores, dentro dunha suposta anticipación de coñecementos. Pero non foi así. Pasou en Ferrol, aquilo da re-industrialización que non foi recuperada nunca e que deixou a cidade sumida nun longo desesepero. Despois viñeron barcos e prestixes que nos asolagaron de veneno e de mentiras, aínda seguen a pasar os petroleiros polas mesmas rutas, ninguén fala do asunto. Temos feridas máis próximas, da banca e os seus enganados en comisións indecentes e débedas que nunca xamais repoñerán, pero que pagamos todos. Empresas que patrocinaron a usura e marchan, sen problema, despois de cobrar suculentas axudas públicas –que de novo pagamos todos- e de deixar en nós o sinal do crime medioambiental e o drama. Algunhas aínda seguen en funcionamento coa ansia de –dín eles- dar moitos postos de traballo. Agora fálase de Alcoa. Pero o certo é que ninguén repara nos danos que todo aquilo e todo isto deixaron na sufrida terra, na xente. Especulación, moreas de lixo e contaminación. Portomarín a duras penas sobrevive, nas Encrobas e coa lembranza en Moncho Valcarce que xa aventaba os feitos, vemos todos os días aquel ermo cheo de porcalladas, Sogamas varias e lagoas artificiais que encobren a desfeita, pobos e aldeas que buscan onde respirar un aire digno, onde beber auga limpa, onde volver a unha terra fértil. Mesmo falan –que orixinais!- de levar as súas augas á cidade da Coruña, non miraron os índices de contaminación e de metais pesados que levan. O veneno estará no prato e no vaso. Pero non chegando con iso, agora premian as empresas do delito e a catástrofe. Voulles contar. Foron premiadas, hai tan só uns días, por boas prácticas medioambientais unhas empresas de nome e apelidos, de memorias desgraciadas de derrota. Resulta, así, ser unha burla máis, unha inmoralidade, un insulto.

Sucede cunha desas empresas que temos ofendendo a nosa terra e nosa natureza, en Galiza, si, para engorde deles, e que non nos sacarán –xamais o fixeron, nin son capaces- deste enredo enfermizo do paro e da precariedade laboral. Empresas que renden moito beneficio para nomes ocultos que se agachan detrás de siglas raras, con señores de amplo dossier aos que non lles importa arrasas presente e futuro de zonas ricas en materias primas que a eles lles interesan, arrasando modos de vida para a xente humilde do rural, en paisaxe e beleza, en porvir e esperanza, en aire limpo e auga limpa, terras de especial interese agropecuario, en sentimentos emotivos de pertenza. Ás veces son empresas lonxincuas norueguesas ou con nomes chinos, de aí esa recente irmandade que se deixou ver nos xornais cos nosos políticos. Empresas nada delicadas entran “a saco” nas terras que, sen ser súas, arrasas; invitando con engano aos veciños para que asinen documentos e lles eludan a responsabilidade, que lles permitan catas e prospeccións, moitas veces extraccións, a cambio de miserables euros, 250 por ferrado, para que se fagan unha idea.

O colmo chega cando vemos que se dan premios entre eles, a Xunta acode e premia a Erimsa cun dobre recoñecemento por boas prácticas, seguridade e saúde. Que mágoa, miran para outro lado. Non nos preguntaron aos veciños, eu sufro -no meu arredor- os seus embates e podo afirmar as terribles animadas que cometen e cometeron des que enterraron aquí, xa hai uns anos, as famosísimas “vacas tolas”, enfermas da encefalopatía esponxiforme bovina, mal dexenerativo do sistema nervioso central, perigosísimo e que se pode transmitir aos humanos. Sucedia xa daquelas, gobernando o PP, fixérono para ocultar as súas vergoñas. Non se evitou, nin se quixo evitar. Non pediron aínda sequera perdón, anque pretenderon disimular aquela afronta no medio dos enormes buratos da mina xa extraída desta empresa, de triste bandeira e de nomes que recordan ao ditador. Pero aínda non acaba aí, os lugares onde traballaron quedaron en desfeita, non valen nin para ter os seus queridos eucaliptos, cústalles medrar descoloridos,

e son os que despois alimentarán aos seus amigos de Ence, outra empresa líder en lixos e porcallada. Aí está de novo outra teima deles, o vello anxeio criminal do ditador: a eucaliptización, cos seus danos colaterais en forma de perigos incendiarios. Son os mesmos que nos traen tantos lumes e que nos fan evocar, dunha vez por todas, un plan forestal axeitado á nosa realidade e, de momento, sen expectativas. Non tiveron a ben seguir crendo neste país e buscar as solucións debidas. Pero contando a verdade, sen ocultar intereses da confabulación empresarial baixo corda para que se vexa así este drama invisible que nos invade e coloniza, que nos arrepía.

Volvendo ás minas, saltanse o que eles mesmos din cando cavan por riba das medidas que ofrecen, afondan moitos metros, extraen outros metais que venden silandeiros, e enterran lodos perigosísimos, mentres contaminan e desvían as capas freáticas e as fontes (hai en Lanza-Mesía, A Coruña, unha lagoa á que non van nin os paxaros, por sorte para eles, porque saben a morte segura que lles agarda), temos ríos contaminados, andamos cos perigos dos metais pesados nos cultivos e nas augas, polo tanto nos alimentos que producimos e comemos. E, agora, moitos dos nosos políticos, algúns tamén sen goberno nin mando, pero que axudan e visten como expertos e son resentidos que sentan na mesma mesa cos crápulas, para vender fume, asentem e din que lles dan un premio. Sábese que os compoñentes do xurado eran “independentes”, científicos e técnicos e, por riba, en claustro serenísimo onde lles dan o primeiro premio de Medio Ambiente, por parte da Federación de Áridos. Este sería o sitio de botar pecados e xurar. Pero prefiro contarlles que a evidencia aínda está á vista. Podemos seguir mentíndonos, mais se vostedes a tal altura dubidan, veñan ver desde os seus propios ollos, non desde o “mirador” que eles preparen. Temos películas, fotos, imaxes, documentos, e a dor metida no corpo. Non teñen dereito a facer o que fan nas nosas terras, porque son nosas e estragan a Natureza, a Nosa Vida. Terras de especial interese para a explotación agropecuaria ecolóxica, que é do que vive a xente desde a noite dos tempos. Pero eles viron cuarzo, silicio, o seu ouro, e non viron a nosa vida.

Temos unha coordinadora coa que pretendemos defendernos dos abusos, das mentiras que contan, as mesmas

que lles levan a recibir premios. Pouco caso nos fan os políticos e científicos, pero seguimos na loita e afirmamos que non é



certo que dean os postos de traballo que din, pois destrúen coas súas obras bastantes máis pequenas empresas e explotacións familiares. Son moitos a mirar para outro lado, desde instancias do goberno local, autonómico e estatal, mesmo europeo. O shériff desa empresa era doador de cartos, xa ministro franquista, para a contabilidade en B do partido citado e está pendente, seica, de xuízos que clarifiquen aquelas subvencións a cambio de cousas como esta que nomeamos. Un dereito de “pernada” que chega aos nosos días, verdugos de funestas memorias. Pero é igual, andan aínda a xustificar ao verdugo maior, aquel que un día morreu pero coucea, por iso aínda non saben onde enterralo de vez.

Estas empresas son desa xente que onde hai demolición e saqueo, ven emprendemento empresarial. Así o chamaron os hábiles xestores do goberno da Xunta. En realidade son bombeiros pirómanos que botaron metralla na alma do Noso pobo, facéndonos crer nunha incipiente sociedade de benestar, en democracia, esa que non arraiga porque naceu a redor de leis de silencio e esquecemento que non funcionaron. Xentes de escasos principios que aínda ocupan postos de responsabilidade e fan calar, diante da evidencia, aos nosos políticos e aos gobernos conxunados, que cobran todos os meses xenerosamente as dádivas da súa mudez. Non teñen vontade de cambiar nin de “facer” algo que mellore a situación dos gobernados. Os medios de comunicación, cómplices, pois tamén chupan do frasco, fanse eco daquilo que a xente quere oír, supostas suposicións e supositorios que nos desvían do tema, procurando non sexamos conscientes do moito que nos levan. E a Xustiza? Non se sabe, quizais –ese é o mal maior- non se lle agarda. Onde van as fiscalías de defensa do medio, os tribunais que “nos” defendan dos especuladores, onde os órganos creados especialmente para protexer as esenciais do pobo? Cando virán persoas que crean en nós e na nosa terra, sabendo que un porvir digno aínda é posible e que ademais o temos ben merecido.

Entrevista

Por Moncho Mariño

Gonzalo Caballero: “Cremos que o conxunto de forzas da esquerda non deberíamos caer nas estratexias do PP”

O secretario xeral do PSdeG, Gonzalo Caballero (Ponteareas, 1975) terá a súa primeira proba de fogo nas municipais de 2019. Dúas das sete grandes cidades galegas, Vigo e Lugo, están gobernadas por socialistas, así como as presidencias das deputacións de Pontevedra, A Coruña e Lugo. O proceso para a elección de candidatos para as grandes cidades fíxose segundo criterios dispares, Santiago mediante acordo de precandidatos sen pasar por primarias, Vigo repite Abel Caballero, Coruña si fixo primarias e Ferrol tamén.

-Cre que a idea do PSdeG como forza alternativa ao PP en Galicia non calla ben dentro da xente? Vería necesario refundar o partido?

O PSdeG é o principal partido para construír unha alternativa en Galicia. Gobernamos en tres das catro deputacións, temos seis deputados no Congreso, 14 deputados no Parlamento de Galicia, un eurodeputado, catro senadores e preto de cen alcaldías en Galicia. Por tanto, se queremos cambio o PSdeG ten que ocupar o papel de catalizador da sociedade galega. Esa é a tarefa fundamental nunha Galicia na que o PP gobernou durante moitos anos.

-Valore as opcións do PSdeG de cara as municipais de maio.

Onde gobernamos, os nosos alcaldes se consolidan e están en condicións de repetir os seus mandatos. Temos que seguir avanzando, e estamos preparados para calquera tipo de campaña das outras forzas. **-Sánchez Bugallo, que xa foi alcalde, será candidato en Santiago logo dunha negociación entre dúas precandidaturas. Este tipo de elección dá unha imaxe democrática do partido de cara á militancia?**

En Santiago abriuse un proceso de primarias, e os dous compañeiros que se manifestaron dispostos a presentarse acordaron sumar esforzos porque crían que iso reforzaba ao

PSdeG de cara a alcaldía. Temos unha opción potente dos socialistas compostelanos para as municipais, encabezada por quen foi un alcalde de referencia e con compañeiros cunha destacada traxectoria política e profesional, como o decano da facultade de Dereito, Gumersindo Guinarte. E o proceso fíxose con total transparencia, a ilusión e a forza do partido en Santiago.

-Por que o PSdeG rexeita a comisión de investigación sobre o Marisquiño?

O PP quere aproveitar un feito que aconteceu na cidade de Vigo para atacar ao alcalde, tal e como amosa a apertura da comisión de investigación sen ter recibido a documentación pertinente de forma previa. Os socialistas non podemos deixar que o PP utilice as institucións con fins electoralistas.

-E sentaranse para a comisión sobre sanidade no Parlamento?

Os socialistas promovemos unha comisión de investigación sobre os recortes na sanidade pública e os efectos que teñen sobre a cidadanía. A nosa vontade era que funcionase e estar presentes na mesma. O PP utilizou a súa maioría na Cámara para seleccionar aos compañeiros que eles querían sen posibilidade para outros sectores e cidadáns.

-O PSdeG ten peso abondo dentro do PSOE?

A coordinación da dirección

do PSdeG coa dirección federal é positiva e fluída. Eu apoiei a Pedro Sánchez de xeito moi claro no proceso de primarias e no congreso federal. Estamos impulsando a nova etapa do PSOE en España con toda a nosa forza. Neste último ano o PSdeG convertiuse nun partido con maior presenza e forza, recuperando o espazo electoral de forma importante.

-Pedro Sánchez está facendo o traballo para consolidar o proxecto que encabeza ou iremos a eleccións xerais anticipadas?

O goberno de Pedro Sánchez está facendo un bo traballo en circunstancias complexas, sen maioría e sufrindo unha campaña de acoso. Na medida en que as condicións permitan gobernar, ese é o mellor escenario para o país, pero hai que estar aberto a todo escenario que se poida producir. En calquera caso, cando haxa eleccións, seremos primeira forza.

-Se asume a presidencia da Xunta de Galicia, ampliación de competencias ou reforma estatutaria?

Haberá que modernizar os mecanismos estatutarios que definen as competencias da Xunta. Cando se dean as condicións, avanzariase na reforma estatutaria. O escenario xeral é de debate sobre a posible reforma da Constitución e a



incorporación das distintas nacionalidades no modelo político español. Nós estamos abertos a avanzar cando ese proceso se abra.

-Que ofrecerá no seu programa para abordar temas como o emprego, a economía, a emigración de xente nova e a educación así como o envellecemento poboacional?

O noso proxecto basearase en tres grandes piares. Primeiro, unha política económica activa que permita unha política industrial propia e facer avanzar as políticas de I+D+i; isto permitirá dinamizar os núcleos máis activos da economía galega e darlle pulo ao escenario urbano. Segundo, desenvolver unha política de medio rural apostando polo equilibrio interterritorial, a

modernización do sector primario, o coidado do noso medio natural dacordo a formulacións de desenvolvemento sostible. Feijóo abandonou o medio rural galego e iso afecta á Galicia interior e aos pequenos concellos, e por tanto ao conxunto de Galicia. Terceiro, os socialistas somos garante do desenvolvemento dunha política comprometida no social, fronte aos recortes que aplicou o PP. A sanidade pública sufriu un deterioro e un retroceso como nunca tivera, as axudas á dependencia foron afogadas e non hai impulso no sistema educativo. Para todo iso, e tamén coa intención de igualar os dereitos de homes e mulleres, cómpre apostar polos servizos públicos de compoñente social.

Máis de 90 expositores ofrecen os seus produtos no Mercado de Nadal da Carreira do Conde

O Mercado de Nadal da Carreira do Conde, abriu as súas portas o pasado 1 de decembro para acoller, ata o 5 de xaneiro, a 90 expositores dos sectores da alimentación, decoración para estas datas, regalos singulares e artesanía.

Nesta edición 2018/2019, os expositores veñen de toda Galicia: unha boa parte dos artesáns e artesás provén da comarca de Compostela, e tamén están representadas as bisbarras da Mariña, Barbanza, A Coruña, Lugo, O Courel, Pontevedra ou O Morrazo.

O Mercado estará aberto todos os días de 11:30 a 14:00 e de 16:30 a 21:30 horas, excepto os días 24 e 31 de decembro, nos que abrirá de 11:30 a 15:00 horas. O 25 de decembro e o 1 de xaneiro permanecerá pechado.

O oferta de produtos do Mercado renóvase cada seis días, con 15 expositores por quenda ata completar os 90 que participan este ano. Para esta primeira quenda, entre o 1 e o 6 de decembro, haberá postos de repostería de Nadal, artesanía en madeira, bolsos e mochilas, com-



plementos de moda, empaquetado e papelería, xoiaría, coiro, alimentación artesá, xoguetes e adornos para o pelo, e completárase coa oferta de churros e chocolate. A meirande parte dos expositores contan coa carta de Artesanía de Galicia, que garante que os obxectos e pezas son realizados enteiramente a man e a pequena escala.

A oferta do Mercado inclúe actividades variadas e obradoiros realizados por artesáns, que se desenvolven no Espazo Creativo; e actuacións musicais e monólogos de humor. A programación completa de actividades pódese consultar na páxina web do Mercado.

Festicult

Vencellado ao mercado programmeouse o Festicult na praza do Toural, con actividades musicais,

contos, poesía e humor todos os sábados e domingos ás 21:00 horas. Comezou o pasado fin de semana coa actuación de Najla Shami á voz e Sergio Tannus á guitarra, para tomar o relevo o domingo o humor incisivo de Quico Cadaval.

En canto ás propostas musicais, os próximos sábados haberá A cara

bonita da pedra, o sábado 8, coa música de Rafa Fernández, Virxilio da Silva, Ález Salgueiro e Juan Cañada; Beat con Nastasia Zürcher o 15 de decembro; Handle with swing, de Xabier Mera, Tomás Porteiro e Manu Gómez, o 22; para continuar coa Metamorfoses de Aida Saco (29 de decembro), e finalizar coa Boleboreta en acústico de Lydia Botana, Robert Pier e Sergi Landrove (4 de xaneiro).

Ademais, Pedro Brandariz porá en escena o seu monólogo Technologies o sábado 9 de decembro, e unha semana despois será a quenda de Cándido Pazó con Falando quéntase a xente. O 23 de decembro chegará ao Toural a poesía, a música e humor de Aldaolado, e o 30 de decembro actuará Carlos Meixide, co seu Humor infame.

O Concello instala paneis con información ambiental nas Brañas de Sar



O Concello vén de instalar uns novos paneis informativos nas Brañas de Sar, para poñer en valor a riqueza deste espazo natural. Os concelleiros de Medio Ambiente, Xan Duro, e de Benestar Animal, Noa Morales, presentaron hoxe a cartelería, na que se explica a historia das Brañas, os seus usos tradicionais e cal é a súa flora e a súa fauna características.

A concelleira de Benestar Animal explicou que os paneis informativos enmárcanse "no traballo que vén realizando o Goberno para poñer en valor este espazo natural, e que xa deu resultados moi importantes como o acondicionamento das sendas peonís ás que tanto uso lles está a dar a veciñanza". Noa Morales sinalou que "agora toca ir un paso máis alá, para que a cidadanía non só percorra este ámbito, senón que o faga sendo consciente da súa riqueza e da súa historia". Para iso, e de cara ao ano que vén, "o Departamento está traballando na organización de visitas guiadas, pensadas fundamentalmente para escolares e alumando de ensino secundario, co obxectivo de que coñezan mellor este espazo".

laguardia
& moreira

ESPACIOS DE BAÑO + CERÁMICA + CLIMATIZACIÓN

www.laguardia-moreira.com

Opinión

Por Carlos Meixome

Fuso e roca

...i a tea dos teus soños non se move...

Díaz Castro, Penelope

Enceto estas liñas, xusto cen anos despois de se asinar o manifesto da “Asemblea nazonalista de Lugo”: “Tendo a Galicia total-as características esenciaes de nazonalidade, nós, nomeámonos, d-oxe pra sempre, nazonalistas galegos, xa que a verba rexonalismo non recolle total-as aspiracións nin encerra toda a intensidade dos nosos problemas”. Non era pois só unha rectificación nominalista, senón de intensidade. Trátase tamén dun chouto xeracional e cultural.

Son os actuais tempos nos que moitas persoas amosan inseguridades a respecto da definición adoptada naquel inverno lucense, e incertezas sobre o acaído punto de intersección entre benestar social e dereitos individuais cos dereitos colectivos que non temos recoñecido como pobo. Cómpre lembrar que o momento da autonomeamento lucense era de plena emerxencia das nacións coa percepción inmediata da extinción duns imperios e a recuada de outros. Na altura, “nacionalismo” era unha verba positiva. Menos de dúas décadas despois o termo ficaría perturbado polo réximes totalitarios de variada pelaxe que no caso ibérico prolongáronse durante decenios.

A crise económica de 2008, a cancelación das expectativas de toda unha xeración, as ameazas sobre o futuro das clases populares, subalternas ou precarias, as inseguridades das persoas que fican fóra do cativo mercado laboral, por expulsión do mesmo ou por idade, puxeron en realce as cuestións sociais e no sentir das xentes do común desequilibraron o punto de encontro entre nación e clases populares que acadara o galeguismo nacionalista nas catro últimas décadas. A causa do desaxuste permanece, pois a crise de 2008, sabémolo xa, dez anos despois, por reiterada experiencia, non é cíclica senón sistémica e as coercións pairan sobre os postulados máis básicos da democracia, tamén na Europa fachen-dosa creadora da mesma.

Unha outra volta, a perversión do termo estase a producir. No próximo, coa excitación do nacionalismo español.

No xeral próximo, dos outros nacionalismos autoritarios que aproveitan a crise para encrespar sentimentos antieuropeos e postular saídas á crise dende o autoritarismo dos vellos estados-nación. No global, podemos agardar o peor.

Para agravar males, o escabroso remate do bipartito e o estoupido do temporal proxecto organizativo do BNG na Asemblea de Amio provocou a división interna máis longa e esgotadora na nación-política dende a asemblea de Monforte de 1922.

As escisións, tanto a representada nas beiras do Cabe como a do mercado de gando, gardan, na nosa opinión, unha semellanza de fondo. Nas dúas, como ao longo de todo o século, a disensión situouse en termos de ou máis lasitude ideolóxica para gañar apoio social e poder político para realizar transformacións pausadas ou máis fortaleza de principios para coutar o perigo da dilución da nación-intensa nun enxebrismo costumista, aínda á custa de ser máis ineficaces. Na IV asemblea a disxuntiva visualizouse no troco do nome do partido, de Irmandades da Fala a Irmandade Nazonalista Galega. Nove anos despois, unha nova xeración puxo en marcha, coa colaboración de parte dos protagonistas da escisión monfortina, o Partido Galeguista. A aquelada dirección do mesmo logrou, nun breve prazo de tempo, a maior cota de soberanía política que Galicia tivera en séculos e que nós, por fortuna, herdamos.

Na de 2012, a negativa, ao longo da asemblea e no tempo posterior inmediato, a que Penelope retécese sen caer nos brazos dos pretendentes, provocou a ruptura na forma de representación política do nacionalismo. Clausurábase un ciclo longo de acción nacionalista que ben poderíamos rastrexar dende a Declaración conxunta UPG-PSG (difundida a finais do 72 ou comezo do 73 pero redactada, en data imprecisa, dous ou tres anos antes) ata o estalo amiense, coincidindo tamén co natural cansazo físico, e intelectual, da elite dirixente do nacio-

nalismo das últimas catro décadas. Remataba, aínda que algúns sectores sigan a defendelo como argumento de consumo interno, un modelo frontista só eficaz cando actuou como partido no marco constitucional e europeo que formalmente rexeitaba.

Vaia en descargo da recomposición organizativa, e para contrarresto dos laios de quen prefere a sosegada unidade dos convencidos á incerta representación da voluble cidadanía, que o brutal impacto do latrocinio perpetrado polo capital transnacional tampouco deixou indemne a representación política da dereita e esquerda españolas.

Escribo estas liñas a uns días de que En Marea resolva o seu desiderátum; ser ou non ser tal. O galeguismo na-



cionalista pode establecer alianzas previas con quen poida ou desexe pero non renunciar ao principio de autoorganización. Pode modular a autodefinición como nacionalista pero non desbotala, aínda que só sexa como rastrexo da continuidade histórica na loita por dereitos non acadados. Pode, e debe, procurar o entendemento coas xentes que sen se reclamar do “nacionalismo” recoñecen, con intensidade máis ou menos morna, os dereitos que como nación reclamamos e facelo consciente de que a nación galega existe só porque hai unha cidadanía que a reclama como tal e expresa a súa petición en formas organizativas múltiples e diversas.

De resultas desa decisión poderá abrirse, cunha nova xeración á fronte, e aquí o material humano será clave, a superación, tardía, da escisión amiense ou prolongarse o permanente estado de funambulismo actual.

En calquera caso, con maior ou menor dilixencia, teranse que afrontar, na nosa opinión, dous escenarios. Por

unha banda, a urxente acumulación de masa crítica, non só, pero tamén, ante as ameazas inquietan-

tes que se perciben na reviravolta do camiño; esa concentración de forzas só precisa un marco de definición: o dereito a decidir.

Por outra banda asumir que a expresión política da reivindicación dos dereitos nacionais vai ser plural, e que esta, ante a permanente indecisión dunhas elites económicas cada vez menos autónomas, vai expresarse en termos de sensibilidade social. Nesta amplitude necesaria, imprescindible, semella obrigado abeirar definicións ideolóxicas estritas e en especial desterrar a pulsión dominante, entre estes, aqueles e os de máis alá, de control grupal ou partidario. Ao noso ver a práctica da alianza previa, nunhas ocasións, posterior noutras, superando as rupturas de comunicación actuais, máis ou menos desexadas ou forzadas, rematará por converterse en realidade.

Atrevémonos a facer outras dúas reflexións, unha práctica, outra psicolóxica. A primeira, no campo da cultura, retecer, mellor recoser de novo o traxe da nación-cultura e da nación-política. Non só semella urxente corrixir os ollares esgazados das dúas caras de Xano, senón superar de vez o cabalo preñado de monstros que introduciu na nosa fortaleza un debate normativo tramposo e abonado por miserias persoais. Cumpriría que as persoas actúantes no campo cultural se decatasen de que se pode sobrevivir nos arrabaldes do poder establecido, mais só será á custa da paulatina e constante perda de visibilidade da nación-cultura.

Como remate, teño a impresión de que, cando menos os do meu tempo, confundimos con frecuencia a acción política coa etnografía presos dunha perversión nostálgica, non dun sentimento individual que acompaña a idade, senón dunha especie de reproche por non dar acadado as ilusións do último medio século, e sometemos as nosas análises ao lamento dun afastado paraíso ecolóxico-lingüístico, sen decatarnos de que, como escribiu David Harvey: “Para que os movementos políticos poidan ter un efecto significativo a longo prazo, deben deixar dun lado a nostalgia”.

Fuso ou roca, o caso é que fíe.



Por Isidoro Gracia

Alcoa, Meirama, Pontes, Automoción, Ence,, suma e segue, estes lodos veñen daqueles polvos. (I)

Fai moitos meses e ata anos, vin sostendo neste medio que a falta de política industrial da Xunta leva a Galicia á irrelevancia nese ámbito.

Xa en 2013 analizabamos o que ía supoñer a inevitable realidade da chegada do coche eléctrico. Si temos en conta que entre o sur de Galicia e o norte de Portugal máis dun centenar de multinacionais dispoñen de instalacións en produción, ademais duns dos centros de I +D +i do sector máis importante de Europa (CTAG), parecía lóxico que este sector sería unha aposta segura si a masa crítica, da que xa dispoñemos, completábase en aspectos sobre os que a Xunta ten competencias e un papel relevante: a detección e extracción de materias primas minerais. Teño constancia de dous feitos relevantes, un, a investigación mineira atopou, en Galicia, esas materias en cantidades explotables e competitivas coas existentes noutras partes do mundo, e dous, o proceso de posta en explotación hase estancado por dous factores, entre os cales a inoperancia burocrática da administración autonómica é o principal obstáculo a superar, o outro é a contestación social a calquera iniciativa mineira.

Desde 2014, a raíz do informe do Grupo Intergubernamental de Expertos sobre o Cambio Climático, noutros medios desde fai décadas, vin demandando

“decisións urxentes” para adaptar o noso sistema de produción industrial e de xeración de enerxía á nova situación. Pois ben as primeira, e unha das máis importantes, decisións da actual Xunta nesta materia foi a suspensión do Concurso Eólico da anterior, bloqueando a implantación de máis de 2.300 Mw (potencia instalada equivalente a 2,5 grandes centrais nucleares), outra aprobar unha proposta do BNG de prohibir os parques eólicos na costa galega. Ambas decisións sumadas ao abandono polo Goberno do Estado en 2012 da política de incentivos ás renovables, (o que creou o imposto ao sol) ademais de deter “sine die” a transición do modelo enerxético español e galego, tivo a virtude de liquidar a maior parte das iniciativas empresariais galegas, que con tecnoloxía e mercado propios, intentaban consolidarse tanto no subsector eólico como no solar, e simultaneamente evitar futuros usos das infrautilizadas instalacións de Astano e Bazan, para os complexos artefactos como os postos en marcha para os mercados do Reino Unido en setembro, ou o mercado alemán en outubro do presente ano, este pilotado por Iberdrola.

Fronte á proposta de manter as tarifas e outras condicións especiais para manter as actividades industriais dos grandes consumidores eléctricos, sostívose desde estas liñas como me-

didias alternativas subvencionar, nas instalacións consideradas estratéxicas, solucións similares ás utilizadas por outras empresas con instalacións de gran consumo para consolidar o seu futuro competitivo. A solución lóxica

nunha ocasión a Xunta adoptou esta posición, ao opoñerse á segregación das centrais hidroeléctricas ligadas a Ferroatlántica e a súa produción de silicio en Sabón. No que considero unha das poucas apostas acertadas, cara á consolidación en territorio galego de actividades con futuro, malia



para unha industria que declara que o 40% ou 50% dos seus custos é a enerxía, é dispoñer en propiedade, ou baixo o seu control, ese componente. Algúns grandes consumidores europeos, e noutros países desenvolvidos (p/e USA) optaron por estratexias de aforro e autoxeración da súa propia enerxía, mediante investimentos nas tecnoloxías máis avanzadas e económicas existentes na súa contorna. Só

o seu alto consumo específico de enerxía. Si conséguese superar o actual conflito de Alcoa e gáñase algo de tempo, será necesario ligar o futuro da industria do aluminio a investimentos na xeración da súa propia enerxía. Está claro que antes será necesario que tanto o conxunto da UE como España consideren que o subsector aluminio é un sector estratéxico para o seu sector secundario.

Por Jesús Témez Fernández

Reflexións internacionais

O triunfo de Bolsonaro acendeu as luces vermellas de todas as terminais mediáticas progres deste país tachando ao novo presidente de ultradereitista, populista, homófobo, sexista e toda a colección de cualificativos deshonrosos que se poñan verter. Sen entrar en análises pormenorizadas sobre a figura de JAIR, volve expoñerse novamente un relato tremendamente nesgado e descontext-

tualizado da figura dun político antiestablishment que se presentou nestas eleccións cun discurso cargado de retórica autoritaria e certo pragmatismo voluntarista pero que sen dúbida enganhou á maior parte da clase media brasileira que vía no PT luleño unha sorte de bolivarización e sinal marxista.

Trump volve a sonreír, máximos históricos na bolsa, pleno emprego e

crecemento rozando o 4 % e gañando a súa batalla no supremo co xuíz Kavanaugh, renegocia o NAFTA de forma tremendamente habilidosa para os intereses dos seus nacionais e empolcábase ás lexislativas de novembro vento en popa a toda vela. Pero para a nosa prensa é pouco menos que un cateto hipertrofiado.

Merkel e a SPD péganlla elección tras elección (Baviera e Hesse) en detrimento de os verdes e da ultradereita alemá, o final do seu reinado está a piques de ser consumado.

Macrón dilúese como un sobre de azucre en Francia presentando uns índices de popularidade que practicamente están polo subsolo. Este experimento gaseoso de non querer ser nada, nin esquerda nin dereita e aspirar a ser un centro aséptico, desprovisto de ideologización e baseado nun exceso de tecnocracia non está a callar. O pequeno Napoleón está a afogarse nas súas propias ínfulas.



Galicia

Redacción A CORUÑA

Campaña “Baixo un mesmo paraguas”

A Praza de María Pita acolleu o acto central da campaña Baixo o mesmo paraguas. Galicia pola diversidade. Foi unha concentración de persoas que portaban paraugas de cores e que tiña como obxectivo visibilizar a pluralidade dunha sociedade diversa, así como agradecer o traballo a todas as entidades deste ámbito.

Nun escenario situado na praza, e acompañada por representantes de 47 entidades que traballan no ámbito das diversidades, a concelleira de Igualdade e Diversidade, Rocío Fraga, renovou o compromiso do goberno local co desenvolvemento de medidas que fomentan a construción, de forma transversal, “dunha cidade que



merece a pena ser vivida”. “Dende o Concello da Coruña estamos a poñer en marcha numerosas medidas desde distintos ámbitos. Medidas que apostan pola accesibilidade universal ao espazo público e aos equipamentos municipais”,

comentou a representante municipal, que tamén recordou a posta en marcha de programas para a inclusión das diversidades en todos os ámbitos da vida, como Cultura Accesible e Inclusiva ou Deporte Solidario, entre outros.

O Concello pon en marcha unha nova edición da Casa dos Xoguetes

A Concellería de Emprego e Economía Social pon en marcha desde esta semana unha nova edición da Casa dos Xoguetes, unha proposta impulsada pola Oficina Municipal de Información ás Persoas Consumidoras (OMIC) co obxectivo de fomentar a economía circular e a reutilización de xoguetes. A área que dirixe o edil Alberto Lema ofrece á veciñanza a posibilidade de participar na campaña Comparte a túa estrela e realizar doazóns desinteresadas de produtos deseñados ou previstos para seren utilizados con fins de xogo por nenas e nenos de até 14 anos. Posteriormente, os xoguetes entregaránse gratuitamente a outras e outros menores nas proximidades das datas do Nadal, na caseta solidaria que se situará, un ano máis, na praza de María Pita. A OMIC sinala que os produtos que se entre-



guen deben reunir boas condicións de hixiene e de estado, ademais de ser seguros. Na medida do posible, recomenda que sexan sostíbeis e non consuman pilas.

O servizo municipal de recollida e entrega de xoguetes de Nadal funcionará até o día 2 de xaneiro. Até o 30 de novembro poderanse entregar de luns a venres de 10.00 a 20.00 horas, na rúa Alfredo Vicenti, 31. A partir do 3 de decembro, e até o fin de prazo da iniciativa, poderanse deixar ou recoller na praza de María Pita, na caseta habilitada para tal fin dentro do poboado de Nadal. O horario da Casa de Xoguetes será de luns a venres, de 17.00 a 20.00 horas - a

partires do 21 de decembro, tamén en horario de mañá, de 12.00 a 14.00 horas-, e os sábados e domingos, de 12.00 a 14.00 horas e de 17.00 a 20.00 horas. Nas festividades dos días 24, 25, 31 e 1, a caseta abrirá: o día 24, de 12.00 a 14.00 horas, e de 17.00 a 19.00 horas; o día 25, de 17.00 a 20.00 horas; e os días 31 e 1, de 12.00 a 14.00 e de 17.00 a 19.00 horas.

No momento da finalización da proposta, se a Casa de Xoguetes aínda conta con produtos, estes doaránse a unha ONG para a súa posterior distribución. Para máis información, pódese chamar ao teléfono de atención cidadá 010 ou ao 981.189.820.

Constituído o xurado do Concurso de Ideas sobre o bordo litoral



O alcalde da Coruña, Xulio Ferreiro, preside o xurado do Concurso de Ideas sobre o bordo litoral, órgano que quedou conformado tras a sesión constitutiva que se celebra esta tarde no Pazo de María Pita, e que conta coa presenza de profesionais de recoñecido prestixio de ámbitos como a arquitectura, a paisaxe e o urbanismo, ademais da propia Universidade da Coruña, así como representantes de entidades e institucións implicadas no futuro da cidade e membros de todos os grupos da Corporación Municipal. Este xurado será o encargado, xunto a un comité asesor integrado por destacados membros da sociedade civil coruñesa, de analizar as 17 propostas recibidas dentro do marco deste concurso de ideas, que contribuirán á creación dun banco de ideas que servirá de base para encamiñar o futuro desenvolvemento da fronte portuaria da cidade.

“É moi satisfactorio ver que hoxe constituímos un xurado realmente plural, que conta con persoas moi relevantes no seu sector, así como das principais escolas e colexios profesionais da cidade vinculadas dalgún xeito co futuro e protección da fronte litoral da cidade”, comentou o rexedor, que manifestou que esta xornada serviu para coñecer as ofertas pre-

sentadas, así como establecer o calendario de traballo.

Ademais de polo alcalde, que ostenta a presidencia, o xurado está composto por Enrique Peña González, profesor da Área de Enxeñaría Hidráulica da Universidade da Coruña, en representación do Reitorado da UDC; Juan Novoa Gómez, pola Autoridade Portuaria da Coruña; Juan Carlos Barreiro González, xefe territorial da Consellería do Mar na Coruña, en representación da Xunta de Galicia e Álvaro Mora Paulete, por Puntos del Estado. Antonio Marroño Cal e Roberto Costas Pérez figuran como representantes do Colexio Oficial de Arquitectos de Galicia (COAG), mentres que Lorena Solana Barjacoba e Carlota Pita Pita acoden do Colexio de Enxeñeiros de Camiños, Canais e Portos de Galicia (CICCPG Galicia); Manuel Casteleiro Maldonado, pola Escola Técnica Superior de Enxeñeiros de Camiños, Canais e Portos da UDC e Isabel Aguirre de Urcola, directora da Escola Galega da Paisaxe tamén forman parte das vogalías deste xurado, que conta con Xosé Lois Martínez Suárez e Carlos Nardiz en calidade de profesionais do sector de recoñecido prestixio. A maiores, o xurado quedou conformado por representantes tanto do goberno local como do resto de formacións da Corporación e técnicos municipais.

vivamoscomogalegos.com

O NOSO É MOITO, COMPARTAMOS A SÚA MAXIA.

A MAXIA DO NOSO

AXUDA A TODOS OS REPUNANTIÑOS
QUE POIDAS ;)

Vivamos como galegos!

GADIS

A Asociación de Produtores de Aceite e Aceituna de Galicia entregou premios

A Asociación de Produtores de Aceite e Aceituna de Galicia (APAG) entregou en Quiroga os premios anuais. José González, conselleiro do Medio Rural, dixo que “nestas terras do sur leste da provincia de Lugo atópanse algunhas das oliveiras máis antigas de Galicia, moitas delas centenarias”. O titular de Medio Rural tamén recibiu un galardón polo seu compromiso coa APAG. Respecto á asociación destacou o labor dos máis de cen socios que a conforman, xa que dan valor ás terras e contribúen a manter un agro vivo e dinámico, “entendido non só como un lugar para traballar, senón tamén como un espazo no que residir, con calidade de vida”, en palabras de José González.

Os galardóns máis especiais



Os galardoados.

foron para dous veciños da contorna, unha produtora e un mestre almaceiro precursores da produción de aceite na zona. Pero entre os premiados tamén estiveron a Fundación Juana de Vega e o Consello Superior de Investigacións Científicas (CSIC). Neste sentido, o con-

selleiro puxo en valor o “magnífico traballo” realizado polos investigadores do CSIC para identificar e acadar o recoñecemento oficial de dúas variedades de oliveira autóctonas de Galicia, como son a brava e a mansa galegas. Estes técnicos constataron ademais que ambas

presentan un alto nivel de adaptación ás condicións climáticas da nosa comunidade e que son orixinais tanto pola forma das follas da planta ou do froito como tamén polas características dos aceites que producen. “Temos, pois, variedades con personalidade propia,

ben definida, algo fundamental para distinguirmos no mercado”, sinalou José González.

Explotacións

A Asociación de Produtores de Aceite e Aceituna de Galicia creouse a finais de 2014 e actualmente aglutina un cento de asociados, que contan en total cunhas 115 hectáreas de cultivo en distintas zonas de Galicia e que suman máis de 130.000 oliveiras. En Galicia hai preto de 40 explotacións dedicadas ao cultivo de oliveira, a maior parte concentradas na comarca de Quiroga e Valdeorras. “Temos, polo tanto, en Quiroga, os principais ingredientes para garantir o éxito presente e futuro do aceite galego: historia, cultivo, terra e homes e mulleres implicados neste labor ancestral”, concluíu o conselleiro.

Quiroga mellora accesos a núcleos rurais



As melloras afectan a doce parroquias.

A Deputación destina 70.000 euros á mellora de accesos a 17 núcleos rurais situados en 12 parroquias de Quiroga e que representan máis do 50% das existentes. “Cumprimos unha demanda histórica cos veciños, pois reclamaban a mellora destas vías municipais debido ao seu deterioro. Estas actuacións son un exemplo máis da nosa compromiso co rural” destacou o voceiro provincial Álvaro

Santos Ramos. Os traballos consistirán na limpeza de cunetas e mellora do firme con dobre capa de rego asfáltico.

As melloras acometeranse en Vilanuide, San Martiño de Alvaredos, Ferreira, Centeais, Montefurado, Muiño, Aldea, O Ivedo, e Vilaster. Tamén en Chao da Casa, Bendollo, Paradapiñol-Cereixeido, A Barca, Pacios da Serra, Penarrubias, A Verganza e Fisteus.

Arranxo da estrada de San Clodio a Casares, en Ribas de Sil

O voceiro do goberno provincial, Álvaro Santos Ramos, e o alcalde de Ribas de Sil, Miguel Ángel Sotuela Vega, supervisaron os traballos de mellora da estrada LU-P-5302, de San Clodio a Casares, que a Deputación renovou cunha achega de 162.000 euros. Estes fondos permitiron rehabilitar cinco quilómetros do firme con aglomerado en quente, do punto quilométrico 10,8 ao 15,8.

Santos Ramos subliñou que “con estas actuacións renovamos unha estrada fundamental para os veciños de Ribas de Sil, pois comunica a parte leste do Concello. Concretamente, os traballos beneficiarán de xeito directo aos preto de 100 veciños das parroquias de Piñeira e Peites, que utilizan esta vía



Rehabilitáronse cinco quilómetros de estrada.

no seu día a día. Ademais, cómpre subliñar que esta estrada tamén comunica coa provincia de Ourense, servindo de unión coa veciña comarca da Terra de Trives”.

Pola súa parte, Sotuela Vega engadiu que “esta vía discorre por unha zona de gran riqueza histórica e patrimonial, pois conservamos un importante conxunto de antigas explotacións mineiras da época romana. Coa renovación da estrada mellórase

tamén o acceso a estas explotacións auríferas, e facilítase a chegada de visitantes, poñendo en valor o noso territorio e impulsando a candidatura de Xeoparque Montañas do Courel”.

Os traballos executados consistiron na limpeza de cunetas, rehabilitación do firme con aglomerado en quente, e incremento da seguridade vial coa instalación e renovación da sinalización horizontal e vertical.

A Xunta impulsa tres novos establecementos turísticos na Fonsagrada

A Xunta de Galicia investiu preto de 280.000 euros en tres novos establecementos turísticos no concello da Fonsagrada, construídos co apoio da Consellería do Medio Rural a través do Grupo de Desenvolvemento Rural (GDR) Montes e Vales Orientais. O delegado territorial da Xunta en Lugo, José Manuel Balseiro, explicou que se trata dun complexo de bungalows, un centro de atención ao peregrino e un hotel, todos eles recentemente rematados e que supuxeron un investimento de máis de 580.000 euros. Durante a visita aos dous primeiros, o delegado gabou a iniciativa do promotor e sinalou que a Xunta “traballa ao seu carón para potenciar e aproveitar as oportunidades que brinda o recoñecemento do Camiño Primitivo como Patrimonio da Humanidade”.

“Para elo -engadiu-, un dos instrumentos máis eficaces son os GDR, que xogan un importante papel na diversificación das actividades económicas nos concellos rurais”, en boa medida porque “son os propios axentes locais, a través das asociacións que constitúen os GDR, os que valoran e seleccionan os proxectos máis axeitados no seu territorio, coa



José Manuel Balseiro, primeiro pola esquerda.

implicación das diferentes administracións públicas”.

No caso da Fonsagrada, as axudas impulsan investimentos por importe de máis de 580.000 euros nas tres iniciativas turísticas vinculadas á ruta Xacobeá. En concreto, construíronse oito bungalows para incrementar a capacidade dun cámping xa existente nas inmediacións do núcleo urbano; ademais, sufragáronse melloras en varias dependencias do establecemento, como un almacén cuberto ou a construción dun pozo.

Tamén ás aforas da localidade habilitouse un centro de atención aos peregrinos de planta baixa, con servizos como garaxe para bicicletas, lavandería, zona de relax e lectura ou xogos infantís. E

no núcleo urbano reformouse unha casa tradicional para convertela en hotel.

Os GDR apoian tanto iniciativas produtivas como non produtivas, é dicir, os fondos benefician non só a empresas senón tamén a entidades de carácter social. Neste sentido, cabe apuntar que neste municipio financiouse un cuarto proxecto, a creación da páxina web da Asociación de Gandeiros da Fonsagrada, achegando 1.485 euros (o 90 por cento do investimento realizado). Balseiro concluíu que “desde a Xunta hai unha clara aposta por este modelo de dinamización do agro, e por iso, o Goberno galego incrementará o vindeiro ano os fondos para os grupos de desenvolvemento rural ata chegar

Primeiro simposio internacional sobre a ourivería galega



A deputada de Cultura, Pilar García Porto, inaugurou no salón de actos do Pazo de San Marcos o Congreso Internacional sobre a ourivería galega que promoveu a Deputación. Esta iniciativa cultural, á que asistiron 140 persoas, contou co apoio europeo da AEPC 2018. Explicou que “é a primeira vez se celebra en Galicia un simposio internacional sobre a ourivería galega, polo tanto estamos diante dunha iniciativa cultural de primeiro nivel, na que ademais interveñen os mellores expertos nesta materia. E facémolo para poñer en valor os recursos patrimoniais e arqueolóxicos que posúemos na provincia, e coa que tratamos de promover e difundir a ourivería antiga

como fonte de información e documentación”.

A conferencia inaugural foi impartida polo ourensán Marcos Martín Torres, quen asumiu recentemente a Cátedra Pitt-Rivers de Ciencia Arqueolóxica, na Universidade de Cambridge, despois de varios anos liderando un grupo internacional de investigadores como Profesor of Archaeological Science na University College London.

Ao acto asistiron tamén o tenente de alcalde de Lugo, Miguel Fernández Méndez, a subdelegada do Goberno, Isabel Rodríguez López, a vicerreitora de Coordinación do Campus de Lugo, Montserrat Valcárcel Armesto e a directora do Museo provincial de Lugo, Aurelia Balseiro García.

Retrospectiva do escultor Juan Puchades

Inaugurouse no Museo provincial a mostra “Modelando vidas”, “unha retrospectiva que culmina a obra do artista Juan Puchades, un home que soubo traballar como ninguén a madeira, o bronce, a pedra e o ferro, polo que recibiu numerosos premios”.

A colección, estará exposta ata o 27 de xaneiro, e esta composta por 47 obras, 4 maquetas, ademais de 14 debuxos e bosqueños, que

amosan un percorrido antolóxico pola obra deste autor valenciano. Esta iniciativa forma parte do colectivo Tá en Artes

Puchades, escultor e docente afincado en Mondoñedo, estudou Belas Artes especializándose en escultura. Dende 1970 exerceu como catedrático de Debuxo de ensino medio no IES San Rosendo, ademais formou parte do Grupo Los Urogallos.



Inauguración da mostra no Museo provincial.



*Os nosos
anunciantes
felicitan o Nadal
aos seus clientes*



CALEFACCIONES
LINO PEÑA
PRODUCCIÓN DE AGUA CALIENTE
AIRE ACONDICIONADO
REFORMAS COMERCIALES
OURENSE: Av. Buenos Aires, 246

☎ 988 232 959
☎ 988 223 118
☎ 609 888 918



METALISTERÍA EN ACERO
INOXIDABLE, LATÓN, COBRE Y HIERRO
PIEZAS DE DISEÑO
DECORACIÓN EN GENERAL



FÁBRICA DE LAVADEROS
DE ACERO INOXIDABLE
EN EXCLUSIVA

Remedios, 14 • 32002 OURENSE • Telf./Fax: 988 225 718
www.acerosargimiro.es • e-mail: argi@acerosargimiro.es



Mudanzas
exclusivas para Vd.

Elevadores
de muebles
hasta 8 pisos.

988 224 949 – 609 84 32 03
info@mudanzasjoseluis.es
www.mudanzasjoseluis.es



982 41 02 69 loteribeirasacra@gmail.com
Rúa Cardenal Rodrigo de Castro, 43
27400 Monforte de Lemos. Lugo



Centenario do Centro Partido do Carballiño en Arxentina

O secretario xeral da Emigración, Antonio Rodríguez Miranda, animou os socios do Centro Partido do Carballiño a presumir de galeguidade durante os actos centrais de celebración do seu primeiro centenario, que tiveron lugar na sede da entidade en Bos Aires. O titular galego da Emigración, acompañado polo delegado da Xunta na Arxentina, Alejandro López Dobarro, fixo extensiva a súa invitación a todos os galegos de América “nun día de ledicia para Galicia e para todos nós. A conmemoración dun século de vida dunha entidade galega como a do Carballiño ten que ser un motivo de orgullo para todos e cada un dos galegos espallados polo mundo, porque implica que o lazo que nos une a todos a Galicia segue máis vivo ca

nunca”.

O acto de conmemoración do centenario, que comezou cunha aperta simbólica cos grupos de baile, música e canto da colectividade, prolongouse ao longo de todo un día e xirou en torno ao xantar popular organizado polos socios da entidade e ás actuacións musicas do grupo de baile Aíriños do Carballiño, entre outras. O programa festivo do domingo puxo fin a preto dunha intensa semana de actividades culturais e sociais coas que os socios e as institucións públicas, entre as que se atopa a Secretaría Xeral da Emigración, quixeron celebrar a entrada do Centro Partido do Carballiño no reducido grupo dos centros galegos que contan con máis dun século de vida e esforzo en prol da colectividade galega na Arxentina.



Durante unha semana celebráronse diversos actos.

VIVE A EXPERIENCIA



20º salón Internacional de Turismo Gastronómico



**Ourense,
06 - 10.02
2019**

O centro de negocios internacional para os profesionais do turismo e a enogastronomía



www.xantar.org



Monforte incorpora novos deseños á iluminación de Nadal

As luces de Nadal volverán estar presentes este ano tódolos barrios da cidade. A principal novidade é que haberá novos deseños decorativos que darán unha maior luminosidade e, polo tanto, xerarán unha maior visibilidade. En concreto, 53 rúas de Monforte disporán de alumeado de Nadal, e os traballos de instalación dos 117 arcos comezarán o longo da vindeira semana.

Ademais das rúas, estarán adornadas a Torre da Homeaxe, as Prazas de España, de San Antonio, Carude, Os Chaos e da Estación. Por outra parte, haberá un abeto na Praza da Compañía e sete letreiros de Bo Nadal en cada unha das entradas á cidade.

Unha das principais novidades deste ano é que a Praza de España estará pre-

sidiada por unha estrela de grandes dimensións, “en vez da árbore que houbo en anos anteriores, este ano decidimos instalar un novo elemento decorativo”, explica o alcalde, José Tomé. O acendido oficial será o mércores, 5 de decembro e permanecerá activo ata o 6 de xaneiro. O rexedor apunta que “o noso desexo é que todos os veciños sintan o espírito do Nadal durante estas datas tan sinaladas, por iso, imos levar a decoración lumínica a tódolos barrios de Monforte. Este ano, os arcos desprenderán unha luminosidade máis intensa que o pasado Nadal”.

O rexedor engade que “consideramos que a decoración navideña nas rúas é un investimento moi útil para o comercio así como para o conxunto da nosa economía, xa que nos beneficia a todos”. José Tomé

apunta tamén que “en definitiva, o noso obxectivo é fomentar que as compras destas datas tan especiais, se realicen na nosa cidade. O compromiso deste Equipo de Goberno sempre foi chegar coa iluminación navideña a todas as zonas do municipio e nesa liña seguimos traballando”. O mandatario local explica que “as rúas máis comerciais terán un maior número de arcos, porque é nas que de seguro haberá unha maior presenza de xente para realizar as súas compras de Nadal”.

As arcas municipais destinan un orzamento de 18.000 euros ás luces deste Nadal, son 1.000 euros máis que en 2017. A cifra representa un 6% máis do que se investiu o pasado ano. A empresa monfortina Iluminaciones Fernández é a encargada da colocación destas luces.

O Concello de Monforte investiu 280.000€ en Piñeira



Reunión do alcalde con veciños de Piñeira.

O alcalde de Monforte, José Tomé, prosegue coa ronda de visitas ás parroquias monfortinas para dar conta das obras realizadas dende 2015, así como daquelas que aínda están en proceso de realización. O mandatario local destaca que “en Piñeira, o investimento que realizamos dende a miña chegada á Alcaldía ascende a 280.000 euros. Hai que ter en conta que nesta cifra incluimos dous proxectos moi importantes para a zona: o asfaltado na rúa principal do polígono industrial, cuxo custe foi de 48.800 euros; así como a dotación da nova iluminación do polígono do Reboredo. Neste caso, o investimento foi

de 54.493 euros”. Cómpre lembrar que o polígono pertence á parroquia de Piñeira. José Tomé sinala que, sen ter en conta os investimentos realizados polígono industrial, o investimento noutras obras en Piñeira foi de 176.707 euros. José Tomé, destaca que “todas estas actuacións supuxeron, e van supoñer, unha mellora moi significativa nas comunicacións viarias de Piñeira con outras parroquias así como co casco urbano de Monforte, logo de que dentro duns días se arranxe a estrada que une a antiga Nacional 120 coa Barxela, unha vía moi empregada polos veciños e polos vehículos procedentes de Sober”.

A Xunta inviste no Museo de Ferrocarril de Galicia, en Monforte de Lemos

A conselleira de Infraestruturas e Mobilidade, Ethel Vázquez, e o presidente da Fundación do Ferrocarril de Galicia e delegado territorial da Xunta en Lugo, José Manuel Balseiro, asinaron o convenio de colaboración para promocionar o Museo do Ferrocarril de Galicia, en Monforte de Lemos, cunha achega de 30.000 euros neste ano por parte do Goberno galego. Vázquez Mourelle explicou que esta colaboración terá continuidade tamén en 2019, xa que os Orzamentos da Consellería do vindeiro ano reservan unha partida

específica doutros 30.000 euros para a divulgación deste espazo. Indicou que o convenio ten como principal obxectivo apoiar o mantemento e a promoción do museo, que recolle un importante patrimonio industrial ferroviario. Trátase dun centro único na comunidade, e mesmo en España, debido ao estado de conservación do seu material ferroviario e á singularidade de moitas das pezas que alberga.

Ethel Vázquez explicou que o seu departamento busca darlle un novo pulo a este espazo e divulgar o rico patrimonio que alberga

entre a sociedade, en especial entre os máis cativos, para que coñezan a importancia do ferrocarril para o desenvolvemento de Monforte e de Galicia. Animou ás familias a que se acheguen ao museo a desfrutar coa historia do tren na comunidade, de martes a domingo e tamén os festivos en horario de mañá e de tarde. Subliñou que ao tempo que se promociona este museo como un espazo de ocio e aprendizaxe tamén se fomenta o uso do transporte público ferroviario e se suma un elemento máis para potenciar turística-mente toda esta zona.



Ethel Vázquez no Museo do Ferrocarril de Galicia.

A mellora na ronda de María Casas, en Monforte, favorece a mobilidade e seguridade

A conselleira de Infraestruturas e Mobilidade, Ethel Vázquez, xunto co delegado territorial da Xunta en Lugo, José Manuel Balseiro, salientou que as obras na ronda de María Emilia Casas Baamonde, cun investimento de máis de 277.000 euros, supoñen a mellora da mobilidade e da seguridade viaria dos veciños de Monforte de Lemos. Vázquez Mourelle explicou que as actuacións nesta vía, que se corresponde cun treito da estrada autonómica LU-664, consistiron na reordenación do tráfico en dúas interseccións para resolver os problemas de fluidez existentes.

A Xunta actuou sobre as dúas interseccións nas que conflúen as vías que dan acceso, polo sur, ao centro da cidade e ao Hospital Comarcal; e cara ao norte, á estrada provincial que conecta coa Vía de Altas Prestacións Na-

dela-Monforte. Para mellorar esta situación construíronse dúas novas glorietas. Trátase de dous puntos nos que se rexistra unha intensidade de tráfico considerable, entre 7.000 e 8.000 vehículos ao día, polo que resultaba preciso actuar para lograr que os movementos cara ao centro da cidade ou cara á vía de altas prestacións se poidan realizar en condicións de maior comodidade e seguridade.

As glorietas facilitan a circulación dos usuarios, permitindo cambiar de sentido e rectificar erros de destino con maior seguridade; e contribúen a dar fluidez ao tráfico, reducindo as demoras que se viñan dando no ramal de acceso ao Hospital Comarcal e favorecendo os movementos cara á vía de altas prestacións que comunica coa capital da provincia. No marco deste proxecto, complementariamente

á construción destas dúas rotondas, humanizouse o treito comprendido entre elas, habilitando beirarrúas pola marxe dereita, incidindo, polo tanto, tamén na mellora da seguridade viaria dos peóns. Os traballos incluíron a mellora do firme e a colocación de luminarias led nos pasos peonís no ámbito da actuación, xunto coa reposición do sistema de drenaxe e da sinalización.

Plan de reforzos

A responsable de Infraestruturas precisou que este proxecto se enmarca na aposta do Goberno galego por manter a súa rede viaria en condicións cómodas e seguras para a conducción. Neste sentido, adiantou que a Xunta seguirá mellorando as estradas autonómicas nesta contorna co Plan de reforzos de firme, obras que suporán un investimento aproximado de un millón de euros que se prevén licitar o vindeiro ano.



Ethel Vázquez con Tomé e Balseiro.

Avanzou que a Xunta tamén está traballando na conversión en autovía da vía de altas prestacións Nadelá-Sarria, concretamente no treito comprendido entre A Pobra de San Xiao e Sarria Centro, que beneficiará tamén aos veciños de Monforte. Concretou que os Orzamentos da consellería para 2019 reservan unha par-

tida de un millón de euros para iniciar a contratación das obras.

Ethel Vázquez tamén lle solicitou ao alcalde de Monforte, José Tomé, a súa colaboración para demandarlle ao Ministerio de Fomento que emita o informe necesario para avanzar no proxecto do enlace do Porto Seco coa estrada N-120.

Novos firmes para as rúas Corredoira e Abeledos en Monforte

O Concello vai acometer novas obras de mellora no barrio do Hospital. O alcalde, José Tomé, anunciou que se vai actuar nas rúas Abeledos e Corredoira: “neste momento estamos en fase de contratación da obra en Abeledos, dende a rúa Saviñao ata a rotonda da Ronda María Emilia Casas Baamonde. Imos dotar a zona dunha nova capa de rodadura de aglomerado en quente, ademais, instalaremos unha nova sinalización vertical e horizontal”.

O rexedor explicou que “na rúa Corredoira levaremos a cabo unha mellora do firme con aglomerado en quente. Neste caso, será dende o Restaurante Carballo ata a rotonda, e dende

a rotonda ata a estrada de Currelos”. A obra programada polo Concello inclúe a construción das dúas beirarrúas no tramo entre a entrada ó Hospital e Ronda María Emilia Casas, o que tamén suporá unha redefinición do espazo destinado ó estacionamento de vehículos.

Barrio do Hospital

A empresa Taboada e Ramos realizará a nova capa de rodadura. A previsión é que a obra comece ó longo dos próximos meses, todo dependerá das condicións climatolóxicas. Posteriormente, outra empresa contratada polo Concello encargárase de executar a construción da beirarrúa pegada ó Hospital. Polo que respecta á beirarrúa da marxe esquerda,

a obra será realizada pola empresa de Mercadona. Esta actuación forma parte dun proxecto que a superficie comercial acometerá para ampliar as súas instalacións en Monforte.

Superficie comercial

Durante a presentación da obra nas rúas Corredoira e Abeledos por parte do Concello, o alcalde compareceu acompañado da xerente de Relacións Externas de Mercadona, Mariña Rivas. Ámbolos dous aproveitaron para anunciar a ampliación da superficie comercial do establecemento. “O proxecto de reforma e ampliación de Mercadona ten xa a licenza do Concello, polo tanto, as obras comezarán en breve. Concretamente, vaise



O alcalde, José Tomé, en rolda de prensa.

proceder á ampliación do soto e do andar baixo. Esta obra vaise traducir nunha ampliación da superficie comercial e do espazo destinado ó estacionamento dos clientes”, avanzou o Alcalde. Concretamente, Mercadona dispón de 4.433 metros cadrados. Coa reforma programada, pasará a ter algo máis de 7.400 metros cadrados. O investimento do

proxecto de ampliación de Mercadona ascende a 2.009.862 euros.

José Tomé subliñou que “para Monforte é unha boa noticia que as superficies comerciais, como é o caso de Mercadona ou Lidl, realicen ampliacións importantes dos seus negocios. Isto demostra a confianza no futuro da nosa cidade e da nosa economía”.

Condado

Redacción

Tres adegas das Neves premiadas na VII cata das añadas da D.O. Rías Baixas

A cata das añadas, un evento organizado pola Denominación de Orixe Rías Baixas entre tódalas adegas da denominación que cumpren os requisitos da convocatoria, (neste ano máis de sesenta adegas e perto de noventa marcas de viños), premiou nesta edición ás tres adegas das Neves co recoñecemento a diversas añadas que poñen en evidencia a positiva evolución e a calidade que se alcanza nos viños.

Os premios recoñecen a calidade dos viños analizados co transcurso do tempo e que evolucionan mellorando, incorporando matices diferentes.

A relación de premios por adegas foi: Adegas Viña Nora: Nora da Neve 2015, Albariño fermentado en barrica, Colleita de prata. Nora da Neve 2007 e 2014, Albariño fer-



mentado en barrica, Colleita de ouro; Abadía de Tortoreos: Abadía de Tortoreos barrica 2015, Albariño, Colleita de Ouro; Señorío de Rubiós: Manuel de Amaro sobre lías 2016, Albariño, Colleita de Ouro. Señorío de Rubiós 2015, Albariño, Colleita de Ouro. Señorío de Rubiós 2010, Con-

dado, Gran Colleita de Ouro.

A pesar de ser un ano complexo para os viticultores saldouse en positivo grazas a un traballo intenso e cada vez máis especializado. As Adegas das Neves recollen máis cantidade e agardan unha magnífica calidade deste produto.

Campamento de Nadal e obradoiros en Salvaterra

A programación de Nadal do Concello de Salvaterra de Miño inclúe un campamento de Nadal os días 24, 26, 27, 28 e 31 de decembro e 2, 3 e 4 de xaneiro, en horario de nove da mañán á dúas da

tarde, para nenos de 3 a 12 anos. Esta axuda para os pais e nais do municipio que traballan durante a época de vacacións navideñas, ten prazas limitadas a un prezo de 15€, con descontos para familias numerosas.

Tamén haberá obradoiros para adultos, como o de Adornos de Nadal, os días 18 e 20, ou o de Coroas de Nadal, o día 19, ambos de 10 a 12 da mañán na Casa Cultural.

O prazo para inscribirse será do 5 ao 17 de decembro.

Remodelación dos campos de fútbol da Lagoa



Nestes días deron comezo as obras de remodelación dos campos de fútbol da Lagoa, obras acollidas á liña de subvencións da Deputación de Pontevedra para 'Investimentos e dotacións singulares do reequilibrio Territorial dos Servizos a concellos con menos de 20.000 habitantes'. Dese xeito, a administración provincial achegará o 80 % do orzamento total da obra (529.962.41 euros), achegando o Concello o 20 % utilizando para tal fin fondos do Plan Concellos.

A modernización deste equipamento, sinala o alcalde de Mondariz, Xoán Carlos Montes, "marca un punto de partida para o desenvolvemento dunha futura área deportiva máis extensa na zona".

O proxecto da reforma foi presentado, no seu momento, aos equipos locais que utilizan ditas instalacións, de cara a coñecer a súa opinión e engadir as demandas que considerasen oportunas.

Unha vez rematadas as obras,

os campos da Lagoa poidan contar con catro vestiarios para os equipos, outros catro para os equipos arbitrais, unha cantina, unha zona de oficinas, baños públicos e dúas zonas de almacenaxe. Amais, está prevista a construción de varias zonas cubertas para que, en condicións meteorolóxicas adversas, os equipos non teñan impedimentos para desenvolver os seus adestramentos.

A intención é, segundo sinala o alcalde de Mondariz, "conseguir unha edificación funcional para o fin á que está destinada e, ao mesmo tempo, que sexa o máis respectuosa co medio natural".

Así, os campos da Lagoa, como a meirande parte das instalacións municipais de Mondariz, prima a sustentabilidade tanto enerxética como medioambiental de modo que as augas residuais, como figura no proxecto, serán tratadas cunha depuradora ecolóxica, mentres que os equipos de auga quente sanitaria e climatización, utilizarán o sistema que produza o menor impacto ambiental posible.



Mondariz, Balneario e Covelo maniféstase pola falta de pediatra

O pasado venres 30 de Novembro a veciñanza de Mondariz, Mondariz-Balneario e Covelo gritou “basta xa” “queremos pediatra” “só pedimos o esencial, un pediatra no rural”.

Levamos anos sufrindo a falta de substitutos de pediatría no verán e en períodos de Nadal, pero que agora sumouse que a partir do 7 de Novembro deixouse de cubrir de maneira indefinida a praza deste servizo, nos centros de saúde de Mondariz e Covelo (debido a baixa da titular e posterior traslado a outro destino, permanece vacante). Un total de case 700 nenos son derivados a o Centro de Saúde de Ponteareas, onde dous pediatras de mañán e un de tarde atenden a a preto de 4000 nenos/as cos derivados de Mondariz. Isto é algo insostible para o centro de saúde de Ponteareas, onde os pediatras se ven desbordados, e onde este proceso produce demoras nos diagnósticos médicos dos cativos (xa que as citas tardan 5-7 días en dalas), aparte duns gastos nos desprazamentos que teñen que ser sufragados polos pais. Non só iso senón que non se dan conta da falta de medios de transporte que existen no rural, xa que moitos núcleos de parroquias quedaron illados, xa que se lle restrinxiu o transporte público.

Ante esta situación o sábado 24 de Novembro creouse una plataforma en defensa do pediatra no rural, e sobretudo

nos concellos de Mondariz e Covelo. Cerca de 30 asociacións de veciños, comunidades de montes, anpas dos colexios e grupos políticos participaron na creación da plataforma, e crearon un calendario coas mobilizacións que iban a ter.

A primeira foi o pasado 30 de Novembro, e foi todo un éxito, preto de 500 persoas se concentraron diante do centro de saúde de Mondariz exixindo un Pediatra. Según datos das ANPAS, no colexio de Mondariz os pais sacaron 75 nenos das aulas para asistir a concentración, e do de Mondariz Balneario 31. A plataforma estivo apoiada pola FANPO (Federación de ANPAS de Ponteareas), e polos grupos políticos dos concellos de Mondariz, Mondariz Balneario, Covelo e Ponteareas. Os nenos gritaban “queremos pediatras”, e a concentración acabou diante do concello de Mondariz.

A segunda concentración será este mercores 5 de decembro, no concello de Covelo, voltaremos mobilizar a poboación, para esixir ter pediatra no rural, e para non esquecer nos o 15 de Decembro faremos una manifestación a partir das 16:00h dende o concello de Mondariz Balneario ata a o Concello de Mondariz, onde convidaremos a todas as asociacións, grupos políticos e plataformas de sanidade para que nos apoiem nese día.

O concello de Mondariz xunto coa axuda da Plataforma entregamos 1500 firmas a Xe-

rencia de Atención Primaria, con informes de valoración da perda deste servizo da Orientadora do colexio de Mondariz e de algunhas farmacias do pobo. Nós non paramos, e vamos seguir insistindo ao SERGAS de que no rural non se poden perder servizos tan básicos como é o de pediatría.

Sabemos que este longo camiño comeza aquí, pero temos que esixir a Xunta de Galicia de que os que vivimos no rural



somos cidadans cos mesmos dereitos, e que non vamos a dar un paso atrás na calidade de vida dos nosos cativos.



Fin de Año 2018

- ★ Alojamiento
- ★ Desayuno buffet y brunch Año Nuevo
- ★ 1 acceso diario al Palacio del Agua
- ★ Cena de gala «Fin de Año»
- ★ Fiesta-baile
- ★ Barra libre
- ★ Obsequio de un Bono Regalo para estancia en el Balneario de Mondariz durante 2019*

*Fecha: del 25/11 al 28/12. No válido en Temporada Alta y sujeto a disponibilidad. El bono es personal, no se puede transferir a otra persona. Se entregará un bono por habitación de doble con desayuno buffet y acceso al Palacio del Agua.

1 noche	2 noches	3 noches
320€	375€	430€

10% descuento para grupos de 10 o más personas

Preservar por favor el precio de venta al público. Suplemento de estancia de 10€ por noche.

niños

75€

Condiciones para niños (de 3 a 12 años)

- Máximo 2 niños por habitación.
- Incluye los menús sencillos que para los adultos.
- Incluye el desayuno buffet y el acceso al Palacio del Agua.
- Incluye el obsequio de un Bono Regalo para estancia en el Balneario de Mondariz durante 2019.
- Incluye el acceso al Palacio del Agua.

Balneario de Mondariz
desde 1878

ADIF garantiza a Gonzalo Caballero que o Ave estará en Galicia no 2019

O secretario xeral do PSdeG, Gonzalo Caballero, mantivo unha xuntanza de traballo coa presidenta do ADIF, Isabel Pardo de Vera, para abordar as obras do AVE, a marcha dos proxectos das estacións intermodais nas distintas cidades e os traballos para a inclusión de Galicia no corredor atlántico ferroviario.

No que atinxe á chegada do AVE, o líder dos socialistas galegos constatou que “todas as obras están contratadas”,

de xeito que non existe “ningún risco orzamentario”, e que o avance dos traballos é o adecuado para garantir o “compromiso” do goberno de Pedro Sánchez de que a conexión de alta velocidade chegue a Galicia no vindeiro ano.

Así mesmo, deu conta dos “esforzos” que se están facendo dende o Ministerio de Fomento para desenvolver a chegada do AVE a Lugo; ao tempo que puxo en valor o compromiso amosado ao asumir a realización do estudo hidrogeolóxico

necesario para a conexión do AVE con Vigo.

En paralelo, Pardo trasladou a Caballero o “importante compromiso” do goberno socialista coas estacións intermodais das cidades galegas.

Á marxe destas cuestións, a responsable do ADIF explicou ao secretario xeral do PSdeG os avances para a inclusión de Galicia no corredor atlántico, de xeito que se poderían recibir fondos comunitarios para a mellora da rede ferroviaria de mercadorías no período orzamen-



tario que vai de 2021 a 2027.

“É moi importante para a nosa loxística”, valorou Gonzalo Caballero ao termo do encontro,

consciente do que suporía en termos de competitividade a mellora da rede de ferrocarril e a súa conexión cos portos.

Luís Bará, no Parlamento Galego: “Quérense apropiarse do monte de Mos para facer negocios”

O deputado do BNG Luís Bará presentou no Parlamento Galego unha iniciativa contra a construción dunha cidade deportiva e un macrocentro comercial en Cela, Pereiras e Tameiga, nunha sesión á que asistiron representantes das comunidades de montes de Tameiga, xunto ao candidato do BNG á alcaldía de Mos, Gustavo Barcia. Bará cualificou de “falcatrada, caciçada e chanchullo” o proxecto e advertiu de que os promotores da iniciativa “queren apropiarse do monte para facer negocios”. Na súa intervención, pediu explicacións á Xunta polo procedemento para sacar adiante o proxecto, xa que “primeiro se realizou o anuncio e despois púxose en marcha a maquinaria política para perpetrar as expropiacións”. Desde a tribuna, o deputado do BNG insistiu en que detrás deste proxecto están “os grandes grupos internacionais que levan anos sobrevoando como voires a zona de Vigo” e



indicou que hoxe o Celta ten un propietario, “pero no futuro pode ser propiedade dun fondo de investimento catari ou dun fondo chinés”.

O PP evita dar explicacións. Na súa resposta, o deputado do PP Alberto Pazos evitou dar explicacións sobre as irregularidades do proceso de tramitación, que cualificou de “actuación urbanística absolutamente normal” e tratou de desviar a atención cara a outros temas que nada teñen que ver co macroproxecto que o Celta pretende desenvolver en Mos. Os votos en contra do PP im-

pediron que prosperara a iniciativa do BNG. Luís Bará referiuse a Tameiga como a “aldega gala” que está a facer fronte aos intereses dos grandes grupos empresariais apoiados polo goberno do PP e lembrou ao deputado popular que “a veciñanza de Mos está concienciada e está unida en contra deste proxecto”. Amosou, ademais, as súas dúbidas sobre a viabilidade da modificación do Plan Xeral, xa que no documento previo de avaliación ambiental “hai máis de 30 razóns para botar abaixo o proxecto”.

O BNG de Redondela ve inxustificábel catro meses sen psicóloga no Centro de Información á Muller.

Dende que no mes de xullo no que a titular da praza sufrira un accidente, o servizo de apoio psicolóxico do CIM, carece de atención profesional. O goberno de Javier Bas, tardou máis de dous meses en iniciar os trámites para substituíla. “Constitúe unha falla de respecto, de solidariedade e un desprezo total ás redondelás que sufren violencia de xénero”, afirma o voceiro do BNG, Xoán Carlos González.

“O apoio psicolóxico, o tratamento das graves secuelas que sufren as vítimas de maltratos, constitúe unha das primeiras tarefas que se debe abordar dende o Concello”, segundo o edil nacionalista. Recordamos que o BNG puxo en marcha este servizo, en condicións moi complexas, xa no ano 2005, para prestar profesionalmente todo o apoio e asesoramento a unha situación de sufri-

mento e inxustiza que padecían moitas veciñas.

Considera o edil que o goberno de Javier Bas, “malia que constituíu unha bolsa de emprego, actuou con pasividade e negligencia, ao botar máis de dous meses sen que moveran un papel. O resultado, que durante catro meses, catro, as vítimas de violencia de xénero de Redondela, careceron de asesoramento e supervisión psicolóxica”, denuncia.

No Pleno de outubro, mediante unha moción, o edil nacionalista xa denunciou a pasividade dos responsábeis municipais ante unha situación tan grave. “Os feitos demostran que ante a baixa do perfil da psicóloga encargada de prestar apoio ás mulleres vítimas de violencia de xénero, o goberno de Javier Bas, volve a amosar un desinterese absoluto.”, remata na súa nota o edil do BNG.

O Pleno da luz verde “ao mellor orzamento da historia da Deputación de Pontevedra”

En palabras do deputado Carlos Font “estas contas volven a probar que somos a Deputación de toda España que máis transferencias directas fai aos concellos”. Amais, sinalou Font, as contas compren con todo, regra de gasto, estabilidade orzamentaria e límite da débeda “que pasou dos 39 millóns de euros que nos atopamos ao chegar ao goberno ata os 7 actuais”

Sempre segundo a fonte oficial do Ministerio, Carlos Font cifrou nun 28,6% a porcentaxe de transferencias da Deputación de Pontevedra aos concellos, fronte á media do estado dun 0,9% “e moi por enriba de Deputacións como Ourense cun 0,06%; Valladolid cun 14%; Zamora cun 6%; Málaga cun 2,8%; Segovia cun 1,2%; Almería cun 0,5%; León 0,4%; ou Cuenca cun 0,25%. Todas gobernadas polo PP”, recordou o deputado. “Non hai nada mellor que a comparativa para entender a idoneidade das nosas contas que supoñen unha xestión sobresaínte á cabeza do resto da Deputacións do Estado”.

A porcentaxe do esforzo inversor da Deputación de Pontevedra dos capítulos 6 e 7 “é o máis alto de España cun 31%. Nada que ver, dixo, coas Deputacións do PP: Ourense 24,6%; Alicante 24,5%; Málaga 24%; ou Segovia cun 11,6%, por poñer so algúns exemplos”. Nunca, na historia desta Deputación se fixeron tantos investimentos nos concellos e, ademais, con equidade, criterios técnicos e obxectivos e



unha xestión efectiva”. Falamos de a día de hoxe de 1575 obras, escollidas con total autonomía polos concellos, por un importe de 122.653.057 euros. E que só en mobilidade hai 53 obras en licitación, execución ou finalizadas por case 50 millóns de euros.

Font ofreceu datos oficiais sobre a débeda pública da Deputación de Pontevedra, “que rebaixamos ata o actual 5,5%, fronte ao 9% da media das Deputacións do estado, ou o máis do 10% que ten a Deputación de Ourense. Pode dicir o PP que estou a mentir?. Non pode”

O voceiro do goberno provincial tamén relatou os datos “para as cousas que de verdade importan á xente”. Para fomento do emprego Pontevedra lidera o esforzo en toda España cun 4,24%; a media é un 2,5% do resto das Deputacións; Ourense gobernada polo PP cun 2,02%; Burgos cun 3,7%; Palencia cun 3,3%; Guadalajara cun 3,2%; Salamanca cun 2,2%; ou Castellón cun 1,17%.

En apoio aos sectores produtivos estamos á cabeza do estado

cun 3,5%; a media é dun 0,2%; as gobernadas polo PP un 1% Ourense, un 3,2% Ávila; 1,5% Málaga; 2,17% Salamanca ou 0,18% en Alicante”.

“O mesmo pasa no apoio á actividade económica en sectores como o comercio, turismo ou pemes; Pontevedra ten un 2,13% fronte ao 1,6% da media estatal; gobernadas polo PP temos 1,57% Almería; 1,5% Salamanca; 1,4% Ávila; 1,4% Zamora; 1,38% Valladolid; ou 1,26% Ourense

Liderado claro no apoio á Cultura cun 7,6%; media resto das deputacións o 6%; en apoio ao deporte un 5,1% en Pontevedra fronte a media estatal do 4% ou o 3,4% da Deputación de Ourense, amais de todas as gobernadas polo Partido Popular que están tamén por debaixo.

Dato oficial do Ministerio en canto ao gasto da Deputación nos seus órganos de goberno; a Deputación de Pontevedra destina un 1,9% a este concepto, fronte ao 4,3% da Deputación de Ourense que o duplica; deputacións go-

bernadas polo PP como Segovia cun 4%; Guadalajara 3,6%; Málaga 2,85%; Alicante 2,77%; Almería 2,5%; Castellón, 2,4%; Palencia 2,36%; ou Ávila 2,36%. E por enriba, engadiu Font, con cero euros de libre disposición. Pode desmentir o PP tamén estes datos?”.

Dixo “estamos ante o mellor orzamento da historia desta Deputación, o máis elevado, e que ven a revalidar a nosa aposta por unha nova provincia de Pontevedra á que xa lle dimos a volta neste case catro anos”.

Os números do orzamento O orzamento de 2019 supón 157.962.348€ que, co consolidado (Escola de Enfermería e os Consorcios de Protección contra Incendios) ascende a 161.384.163 euros.

O Plan Concellos vai ter 43,4 millóns de euros; incremento do 3% respecto ao 2018. Terá 9,5 millóns de euros para emprego, 30 para investimentos e 3,9 millóns para actividades e gasto corrente.

En Medio Natural e Desenvolvemento Rural orzamento de 1,8 millóns de euros, aumen-

tando o gasto nas tarefas de prevención de pragas; nos orzamentos para Mouriscade incrementase nun 2,5%; para a Estación Fitopatolóxica do Areeiro un 5,8% máis que no 2018.

En canto a Emprego, 3,3 millóns de euros para fomento, mais 9,5 millóns para a xeración de emprego incluído o Plan Concellos, total 12,8 millóns; un 8,2% máis que o pasado ano.

Novas tecnoloxías terá 5,73 millóns de euros; un 9,15% máis que no 2018; turismo recibirá 3,6 millóns para seguir cos obxectivos do Plan Estratégico; Infraestruturas recibirá 17,67 millóns; para seguir impulsando a política de mobilidade provincial.

En igualdade, unha das liñas prioritarias do goberno, incremento do 8,9% ata acadar 1.273.992 euros. Cohesión Social e Xuventude contará con máis de 6 millóns de euros, un 7,6% máis que no 2018, Servizos Lingüísticos e Promoción Cultural 4 millóns de euros, un 3,12% máis que este ano. O Museo de Pontevedra contará con 4,4 millóns e Patrimonio 1,5 millóns de euros. A Escola de Cantería chegará aos 798.000 euros, para á consecución da homologación da formación impartida na escola. En canto ao Deporte, o goberno de Carmela Silva destinará 5 millóns de euros a este servizo. O orzamento contempla o financiamento do Campionato Mundial Júnior de Balonmán que se celebrará en Pontevedra e Vigo no 2019 e vai ser financiado pola Deputación de Pontevedra.

Baixo Miño



CONCELLO DA GUARDA

Axenda de Nadal

2018-2019

MÉRCORES 5 DE DECEMBRO

- * **Acendido da iluminación de Nadal**, acompañados de "A Xogar cos trastos de Nadal" e "Globololo" (Baraúnda animación). Na Praza do Reló ás 20:30 h.

XOVES 13 DE DECEMBRO

- * **Concerto de Nadal do Conservatorio**, coa actuación do Coro do conservatorio e diferentes actuacións musicais dos alumnos de grao elemental. Na Casa dos Alonsos ás 20:00 h.

VENRES 14 DE DECEMBRO

- * **Beboteca "Nadal"**. Na Biblioteca Municipal ás 18:00 h.

SÁBADO 15 DE DECEMBRO

- * **Anotación de paxes reais para participar na Cabalgata de Reis**. No Centro Cultural ás 10:00 h.
- * **Festival Solidario a favor da Fundación Las Samaritanas**, coa actuación de: Xamaraina, Argonal Band, A Boalleira, Studio BB, Club Domajó. No Centro Cultural ás 20:00 h.

XOVES 20 DE DECEMBRO

- * **Concerto de Nadal do Conservatorio**, coa actuación do Coro do conservatorio, actuacións musicais dos alumnos de grao elemental, da Banda de iniciación do Conservatorio e da Agrupación Musical da Guarda. No Centro Cultural ás 20:00 h.

VENRES 21 DE DECEMBRO

- * **Concerto de Nadal de Pandereteiras**, coa actuación de: Carainas, Coiro Vello, Paliqueiras, Tambaluca, Pandereteiras Do Lusco ó Fusco, Pandereteiras da Agrupación Cultural Guardesa, Caramuxiñas e Arghaceiras do Muño. No Centro Cultural ás 20:30 h.

SÁBADO 22 DE DECEMBRO

- * **Música na rúa coa Charanga "Vaia Panda"**. Polas rúas da Guarda durante a mañá.
- * **Contos Contados "Nadal"**. Na Biblioteca Municipal ás 11:30 h.
- * **Cinema Infantil: "Coco"**. No Centro Cultural ás 17:30 h.

DOMINGO 23 DE DECEMBRO

- * **Concerto de Panxoliñas**, coa actuación de: Coral polifónica da Guarda, Grupo Antorcha, Coro infantil dos PP. Somascos, Coro Arpegios Cantábile, Coral da Terceira Idade. Na Igrexa parroquial ás 17:00 h. Organiza: Agrupación Coral Polifónica da Guarda.

MÉRCORES 26 DE DECEMBRO

- * **Obradoiro "Decora o teu Concello"**. Na Casa dos Alonsos ás 11:00 h. (previa inscrición).



CONCELLO DA GUARDA

Axenda de Nadal

2018-2019

XOVES 27 DE DECEMBRO

- * **Música na rúa co Grupo "Do lusco ó fusco"**. Polas rúas da Guarda e Praza de Abastos pola mañá.
- * **Chocolate na Praza de Abastos**. Na Praza de abastos pola mañá.
- * **Teatro para nenos: "Tristán"** da compañía Elefante Elegante. No Centro Cultural ás 17:30 h.
- * **Barlencia: Paisaxes de sal na Costa Atlántica**, a cargo de Brais Currás e Mar Cortegoso. Na cafetería Alameda ás 20:30 h.

VENRES 28 DE DECEMBRO

- * **Teatro-Clown musical para adultos: "Route 66"**, da compañía The Blues Grampas. No Centro Cultural ás 21:00 h.

SÁBADO 29 DE DECEMBRO

- * **Música na rúa coa Charanga "Vaia Panda"**. Polas rúas da Guarda pola mañá.
- * **Monicreques: "O Castiñeiro do Apalpador"**, da compañía Fantoques Baj. No Centro Cultural ás 12:00 h.

MÉRCORES 2 DE XANEIRO

- * **Obradoiro infantil: "Decora a túa casa"**. Na Casa dos Alonsos ás 11:00 h. (previa inscrición).

XOVES 3 DE XANEIRO

- * **Música na rúa co Grupo "Do lusco ó fusco"**. Polas rúas da Guarda e Praza de abastos pola mañá.
- * **Chocolate na Praza de Abastos**. Na Praza de abastos pola mañá.
- * **Cinema Infantil: "Capitán Calzoncillos"**. No Centro Cultural ás 17:30 h.

VENRES 4 DE XANEIRO

- * **Os Reis magos visitan á Residencia da Terceira Idade Monte Tecla** co acompañamento musical dos grupos "Vaia Panda" e "Do Lusco ó Fusco".

SÁBADO 5 DE XANEIRO

- * **Cabalgata dos Reis Magos e Recepción Real**. Acompañados polas asociacións guardesas. Dende a Alameda da Guarda ata a Casa dos Alonsos ás 18:00 h.

E ademais:

DO 18 DE DECEMBRO Ó 6 DE XANEIRO

- * **PISTA DE XEO NA GUARDA**. Na Alameda

DENDE O DÍA 12 DE DECEMBRO

- * **DECORA O TEU NADAL**. Decoración das prazas e outros puntos por parte das asociacións guardesas.

E poderás entregar a túa carta e recibir unhas golosinas polas tardes en Concepción Arenal (xunto á Praza de Abastos):

- * **DO 14 Ó 22 DE DECEMBRO: con Papá Noel**
- * **DO 26 DE DECEMBRO Ó 4 DE XANEIRO: cos Reis Magos**

Actividades organizadas por ACIGU.

A Guarda realiza o sorteo de premios da Ruta «Petiscos con Arte»



A pasada fin de semana finalizaba a Ruta Gastronómica «Petiscos con Arte», un evento que conxugou a gastronomía e a arte para ofertar aos participantes unha experiencia para os sentidos, chegando a servirse máis de 2000 petiscos entre os 12 establecementos participantes.

A variedade gastronómica ofertada foi un «pulo» extra para animar e dinamizar o sector da hostalaría, contando con petiscos moi variados ao igual que as exposicións, con fotografías,

pinturas, esculturas e ilustracións.

Para premiar aos participantes que gozaron da ruta, organizouse un sorteo de 5 lotes de viño Albariño da Adega Gran Novás, da D.O. do Rosal. Este xoves día 29 de novembro tivo lugar o sorteo entre todos aqueles que depositaron nas urnas as participacións resultando agraciados/as: Karen Stewart (depositado no Perro Verde), Luis (depositado na Cafetería Marbella), Patricia Lira (no Terra Verde), Dennis A. (no Restaurante Xantar), Patricia Rodríguez (depositado no Cangrexal).

30 persoas forman parte de Protección Civil de Tui



Unha trintena de persoas constitúen a Agrupación de Voluntarios de Protección Civil que o pasado día 1 celebrou asemblea extraordinaria para a súa reactivación. Provisionalmente terán a súa sede na nave municipal en Guillarei, a expensas de que sexa habilitada unha zona específica, segundo informa o concelleiro de Seguridade Cidadá, Antonio Castro Negro. Na asemblea se nomeou á nova xunta directiva formada por David Ferreira Álvarez, como presidente, Juan Manuel González Estévez, secretario, María Fernanda Abreu Estevez, tesoureira, e Nicolás Francisco Martínez

Pazo, Alberto Solleiro Álvarez e Adolfo Pérez Paramos com vogais. Amais o xefe da Agrupación será Manuel Arca Caeiro, e o interlocutor con outras institucións o concelleiro de Seguridade, Antonio Castro.

As funcións da Asociación de Voluntarios de Protección Civil de Tui serán prestar axuda en diversos eventos, acudir a accidentes baixo mando da Policía Local, excluindo incendios onde non poderán actuar.

O alcalde, Carlos Vázquez Padín, avanzou amais que de forma paralela foi adxudicado o Plan Municipal de Emerxencia.

Cafe - Bar SOEIRAS

Tel.: 986 601 796

Pontevedra 10b-Guillarei 34700 -Tui (Pontevedra)

LABORES DOMÉSTICAS **SERVICIO DE CANGUROS**

edades servicios sociales

ASISTENCIA HOSPITALARIA **AYUDA A DOMICILIO**

TIENDA ORTOPEDIA **TERCERA EDAD**

TUI: 986 600 642 VIGO: 986 600 007

C/ MARISTAS, 5 bj-dcha C/ VIA NORTE, 56 -bj

www.edadestui.com

donilo estilismo propio

C/ Canal Arce, 10 Tui - 36700 Tui - T. 986 601 796

PROMOCIONES

21⁵⁰€ COMIDA Y POSTRE

18⁰⁰€ DESAYUNO

35⁵⁰€ COMIDA Y POSTRE

5⁰⁰€ COMIDA INTERRAL

10⁰⁰€ MIRAS DE 5 A 15 AÑOS COMIDA Y POSTRE

12⁰⁰€ COMIDA Y POSTRE

9⁵⁰€ COMIDA Y POSTRE

49⁵⁰€ COMIDA Y POSTRE

5⁵⁰€ COMIDA Y POSTRE

6⁵⁰€ COMIDA Y POSTRE

10⁰⁰€ COMIDA Y POSTRE

A Taberna Tui

TAPAS VARIADAS

TODOS OS XOVES

PULPO A FEIRA

PARA COMER E PARA LEVAR

C/MARISTAS, 26 TUI

TL: 635 50 40 10

CAFETERIA LA TERTULIA

DESAYUNOS

BOCADILLOS

PLATOS COMBINADOS

TLF: 986 34 06 91

RAFAEL TILVE ADRIÓ - 11 (SALCEDA DE CASELAS)

Condado

O goberno traslada ao empresariado os recortes da Xunta no PXOM

O alcalde de Ponteareas, Xosé Represas, e a concelleira de urbanismo, Chus Garrote, reuníronse onte co empresariado para dar a coñecer o impacto nos ámbitos industriais dos recortes impostos pola Xunta no PXOM. Ambos os dous aproveitaron para transmitir o seu descontento e desacordo coa decisión do goberno galego de modificar e recortar o Plan aprobado por PP, BNG e PSOE en 2016.

O Alcalde recordou que “nós cumprimos coa nosa obriga e a nosa promesa de aprobar o plan e agora a última palabra tena a Xunta porque así o establece a lei”.

Coas instrucións da Xunta o polígono industrial da Lomba pasa de 604.462 m² a 474.356 m², unha redución que, segundo Represas e Garrote, a Xunta incluso pretendía, inicialmente, que fora superior.

No intercambio de opinións



entre os representantes municipais e os empresarios houbo amplo consenso á hora de preferir o plan imposto pola Xunta antes que seguir sen PXOM. Un dos empresarios explicouno graficamente: “A Xunta fíxonos un traxe que non nos queda ben, pero non podemos mercar outro, temos que amoldarnos e aprobar canto antes o plan. Despois xa iremos adaptando o traxe”. Outros ofrecéronse a actuar conxuntamente co goberno para que a Xunta aprobe definitivamente o plan urbanístico.

Todos coincidiron na ne-

cesidade de dar seguridade xurídica aos empresarios e emprendedores, para que as súas actividades non se vexan ameazadas por ordes de peche ou demolición e poder atraer novos investimentos. Neste sentido, goberno e empresarios ven positivo que coa inminente aprobación do Plan se poderán regularizar as empresas do polígono da Lomba e de varios minipolígonos de parroquias como Areas, Arcos, Moreira, Bugarín ou Xinzo aos que se deu solución no Plan aprobado polo Concello e que a Xunta respectou.

A Xunta axuda con máis de 16.000 euros á escola municipal Vila do Corpus e á Musical de Xinzo

O PP de Ponteareas agradece a aposta da Xunta por seguir fomentando a cultura do municipio coa axuda a dúas das escolas musicais.

“O DOG acaba de publicar a concesión de dúas axudas que irán destinadas á escola municipal Vila do Corpus e á Musical de Xinzo. Unha vez máis a Xunta de Galicia, gobernada polo PP, inviste no noso municipio, deixando en evidencia ao alcalde que acusa constantemente á administración autonómica de non ter a Ponteareas no seu mapa de investimento. Non só a ten no seu mapa, senón que apoia a escolas municipais que debido á nefasta xestión de Represas están a recorrer á administración autonómica, a pesar de non ser da súa competencia”.

O PP considera moi nece-

sarias estas axudas a colectivos que viron reducidos os seus ingresos debido á nefasta xestión municipal e provincial en materia de fomento de actividades e formación a este tipo de colectivos culturais.

“A nivel provincial, en 2015 cargáronse o Plan Cultural e a nivel local lembrarlle a Represas, que lle gusta moito comparar, que o Concello de Ponteareas nestes catro anos non investiu en cultura nin a metade do destinado por anteriores gobernos do PP. As escolas de música aínda están a esperar a firma do convenio que lles prometeu o alcalde para este ano 2018, onde se comprometeu a outorgarlles 8000 euros. Vendo que está a piques de terminar o ano, o PP pedirá explicacións no pleno do motivo de non asinarse aínda esta axuda”.

ACiP pide ao goberno municipal a exposición pública do plan Xeral

Un documento tan importante entre mans e que determinará o desenvolvemento urbanístico da vila nos próximos anos, ACiP entende que as cousas non se poden facer tan a lixeira como o están a facer os partidos á fronte do goberno municipal. Por iso, tras a presentación do documento definitivo do Plan Xeral e a negativa do alcalde para expoñelo publicamente, Alternativa Ciudadana de Ponteareas presentou unha moción ao pleno da Corporación na que solicita a tódolos partidos o seu apoio para obrigar ao goberno a expoñer publicamente o Plan.

Con iso quérese evitar a

máis que probable inseguridade xurídica dun escenario no que se tras a súa aprobación definitiva calquera afectado presenta un recurso xudicial, esta derivase nunha paralización total de consecuencias moi graves.

“Realizáronse cambios de ata o 100% en moitos ámbitos; cambios con respecto ás normas subsidiarias do ano 1995 e que son as que aínda rexen o urbanismo na cidade”, asegura Juan Carlos González Carrera, portavoz de ACiP, “e por tanto cremos que é necesaria a exposición pública do novo documento. Non se perdería moito tempo neste proceso e poderíanse atender as

reclamacións pertinentes e corrixir e mellorar erros patentes no Plan. Facelo a posteriori, co documento aprobado no baleiro e sen o respaldo das normas do 95, si sería un gran problema para Ponteareas”.

González Carrera insiste en que “neste asunto, como noutros, o alcalde non está a facer as cousas ben. Ante nós, os grupos da oposición e, máis grave aínda, ante os veciños, deixou patente o seu total descoñecemento do Plan Xeral; e en temas tan importantes para Ponteareas non se pode falar sen coñecemento de causa”.

De forma paralela a esta moción, nas últimas semanas



ACiP iniciou unha campaña de información sobre o Plan Xeral a tódolos veciños das parroquias de Ponteareas. Con esta medida quere advertir dos graves cambios que se inclúen no documento, asesorando sobre a forma en que os afectados

poidan presentar as súas reclamacións.

De momento, nestas últimas semanas mantivéronse reunións con veciños de Nogueira, Cris- tiñade, Guláns, Paredes, Bugarín, Padróns, Arnoso, Prado, San Lorenzo e Cumiar

Apoio unánime da Corporación ás propostas do Goberno de Ponteareas

O goberno de Ponteareas acada o consenso no pleno ordinario celebrado o martes día 20. Nesta última sesión plenaria o goberno consegue o respaldo dos grupos da oposición que de xeito unánime deron luz verde ás obras propostas polo goberno con cargo a unha parte do remanente positivo de tesourería.

As obras na rúa Rosalía de Castro, a ampliación dun via-rio en Arcos, as obras de accesibilidade do auditorio, o parque infantil en Xinzo, a adquisición dun tractor con desbrozadora de brazo lateral e as obras da antiga casa de autopsias do cemiterio municipal para transformala en baños públicos, vestiarios para o persoal e un almacén obtiveron o apoio de toda a Corporación.

Grazas á mellora económica do concello, o goberno pode agora destinar un total de 392.864€ á novas obras demandadas pola veciñanza.

100% de bonificación para os vehículos de máis de 25 anos

Por unanimidade tamén foi aprobada de forma definitiva a modificación da ordenanza do imposto de vehículos para que os importes a pagar pola veciñanza sexan similares aos que se pagaban antes do 2013, ano no que o goberno do PP aprobaba a suba para financiar o préstamos do plan de axuste asinado ata 2023 e que co resultado positivo de tesourería agora o goberno tamén cancela.

Ademais atendeuse a alegación presentada pola Asociación Cultural Club de Clásicos e Históricos do Condado para que se consideren clásicos e históricos os vehículos cunha antigüidade maior de 25 anos obtendo por vez primeira unha bonificación do 100%.

Outra parte dese total de 1.213.430,81€ de remanente positivo de tesourería acadado polo goberno actual no exercizo do 2017, foi para liquidar



o préstamo con intereses adquirido polo Partido Popular no ano 2013 ligado ao plan de axuste que agora desaparece ao pagar os 131,568,65€ restantes liberando ao concello das obrigas que este plan impuña; así o ratificou tamén por unanimidade o pleno da Corporación que acordou realizar unha modificación orzamentaria para pechar esta débeda.

O Alcalde de Ponteareas, Xosé Represas, destaca a importancia de que todos os grupos traballen na dirección de resolver as necesidades da

ciudadanía buscando dende o goberno sempre o consenso e a construción dun futuro mellor para todos e todas.

O concelleiro de Facenda, Francisco Alonso explicou que rematou de dar de alta na contabilidade municipal as facturas anteriores a 2012. Estas facturas suman un total de 318.863,83€ e agora grazas á modificación orzamentaria aprobada por unanimidade de Corporación poderá acabar de saldada.

“Lamentablemente destinar estes recursos a estas débedas resta cartos para obras demandadas pola veciñanza”.

As Neves renova o alumeadado público na rúa Eira da Liñaza



O Concello das Neves prosigue actuacións de mellora no alumeadado público e edificios públicos para conseguir mellorar enerxética e economicamente e máis tamén para anovar o servizo que se presta.

Primeiro foi a renovación de tódolos cadros do alumeadado público, logo o cambio a iluminación led nunha zona de moito consumo, despois a renovación da iluminación do pavillón e agora o cambio incluídos os báculos en toda a rúa Eira da Liñaza xunto cunhas novas no barrio do Monte.

O Alcalde das Neves, Xosé Manuel Rodríguez Méndez, indica que queda moito por facer neste ámbito. Por iso, o Concello xa ten solicitadas varias subvencións ao IDAE (Instituto para la Diversificación y ahorro de la Energía) que de ser concedidas permitirían renovar o alumeadado de case todo o territorio municipal cunha inversión de arredor de 500.000 euros dos que o concello aportaría un 10 por cento.

Andaina solidaria pola saúde mental en Arbo

O vindeiro día 16 de decembro ás 10 da mañá arrancará en Arbo unha andaina solidaria pola saúde mental organizada polo Concello de Arbo en colaboración coa asociación Avelaiña. A xornada comenzará cunha marcha de dificultade media que partirá dende a Praza do Concello e que terá unha duración de 5 Km aproximadamente. A súa chegada, habrá numerosas actividades, agasallos para os participantes e varios sorteos para que haxa un tempo de recreo e distensión.

“Arbo, camiña pola saúde mental” ten como obxectivo facer reflexionar a cidadanía sobre a importante labor que desenvolve esta asociación, potenciando a

inclusión das persoas con enfermidade mental na provincia de Pontevedra, mediante a promoción da mellora da súa calidade de vida e a dos seus familiares. Un día no que todos debemos aprender e sensibilizarnos coa problemática da enfermidade mental e estar dispostos a colaborar para lograr a mellora na calidade de vida destas persoas.

Dende o Concello de Arbo e a Asociación Avelaiña animan a participar e colaborar. Os donativos (5 euros) faranse en efectivo o día da andaina aos socios colaboradores da asociación ou se ingresarán có concepto “participación marcha solidaria de Arbo” na conta: ES27-2100-4046-1121-0009-8385.

Rematadas as obras en Doños, Ladeira, O Couto e Almuiña

Seguindo coas melloras nas redes municipais de estradas, o Concello de Arbo amplía e mellora o acceso aos Doños e a Ladeira na parroquia de Mourentan, coa prioridade de mellorar a seguridade vial, executáronse obras de ensanchamento e mellora nos trazados considerados como perigosos.

Ademais tamén houbo traballos en O Couto e Almuiña co obxectivo de definir, dimensionar e mellorar o estado destas infraestruturas viarias.



OBRADOIRO DE LECTURA E DEBUXO PARA PEQUES

DATA: Do 9 de Xaneiro ata o 29 de Maio

IDADE: Desde 3 anos, prazas limitadas

LUGAR E HORARIO: na Biblioteca, os mércores de 18.00 a 19.00 h

INSCRIPCIÓNS A PARTIRES DO 26 DE NOVIEMBRE

*Máis info no teléfono 637108343, no correo electrónico biblioteca@concellodesalvaterra.com ou na Biblioteca.

Baixo Miño

Redacción

A Deputación remata o Ano da Lingua cunha gala en Tomiño

Seguindo coa súa de filosofía de descentralizar os actos principais e realízalos en diferentes puntos da provincia, o departamento de Cultura e Lingua da Deputación elixiu Tomiño para celebrar a Gala coa que remata o Ano da Lingua. Así o anunciaron esta mañá a alcaldesa da localidade, Sandra González, e o deputado de Cultura e Lingua, Xosé Leal, nun acto no que estiveron acompañados pola artista tomiñesa Andrea Pousa. “Nesta política de descentralizar os actos importantes que ten a Deputación, estamos moi agradecidas que se elixira Tomiño para a celebración desta gala porque, a pesares de estar nunha esquina do mapa provincial, temos un auditorio coas condicións técnicas suficientes para acollela” manifestou Sandra González. Hai que lembrar que a primeira Gala, a correspondente ao Ano Castelao no

ano 2016, se celebrara en Pontevedra, e que a segunda, a do Ano do Patrimonio no ano 2017, tivera lugar en Cangas.

A alcaldesa asegurou que “esta Gala é importante para a cultura do noso país e da nosa provincia porque pon en valor o noso idioma” e neste sentido agradeceu á Deputación “o seu compromiso coa lingua e a sensibilidade para promovelas”. Por último, tamén anunciou que desde o Concello se fará toda a difusión posible para encher o Auditorio de Goián “e celebrar a lingua de todas as maneiras, cantándoa, teatralizándoa, ou poetizándoa”. A alcaldesa facía así referencia ás diferentes disciplinas artísticas que estarán presentes nesta cita. “Introducimos diferentes disciplinas e diferentes estilos tamén para visibilizar todo o traballo realizado desde os campos que formaron parte da programación do Ano da Lingua” asegurou Xosé Leal ao respecto. O depu-

tado lembrou que esta Gala segue a mesma liña de compromiso coa defensa e posta en valor da cultura e da lingua galegas que se leva realizando desde o inicio do mandato, e con máis incidencia se cabe neste Ano da Lingua. Un compromiso que se quere exemplificar, desde o departamento de Cultura e Lingua, ofrecéndolle ao público a oportunidade de gozar dun programa conformado por artistas que á súa vez tamén destacan na súa traxectoria profesional polo seu compromiso co idioma e a cultura do país, e que son recoñecidas polo seu traballo neste eido.

Precisamente o deputado nacionalista quixo poñer o foco en que o cartaz desta edición “é totalmente feminino, para recoñecer de xeito visible o traballo que están facendo as mulleres no eido da música, que sempre o fixeron pero que non sempre se visibiliza o suficiente”. Así, a imaxe gráfica



do cartaz é obra da deseñadora pontevedresa, Ana Seoane, e inclúe as actuacións musicais da coñecida artista tomiñesa Andrea Pousa, e de formacións de primeira orde no panorama musical galego actual como son A banda da loba e Leilía. Tamén contará co espectáculo aéreo de Rebeca Santos, cunha performance realizada ad hoc para este evento pola poeta Tamara Andrés, e será presentada pola actriz Isabel Risco.

Ademais da Gala en si, que terá lugar no Auditorio de Goián ás 20h do 8 de decembro,

ese mesmo día tamén se programan dúas actuacións en horario de mañá. Están previstas para as 12h na praza do Seixo –en caso de choiva trasladaríanse ao Mercado– e consistirán no Concerto Punkinfantil, para público infantil e familiar, e nunha actuación de Blues do País, nunha sesión vermú.

A entrada para asistir á Gala será gratuíta previa retirada de convites, e a comezos da semana que vén farase público onde se porán a disposición do público e que número poderá retirar cada persoa.

ACADEMIA Eis
ORDENADORES · CONSUMIBLES · REPARACIONES

Rúa Casal Aboí, 10 Baixo - 36.700 TUI
Telf: 986 600 272 - Móvil: 658 855 661
eis_academia@hotmail.com

ALMACEN URBANO Vinos

CASAL ABOY 21B- 36700 TUI (PONTEVEDRA)
T. +34 986 184 837 - M. + 604 024 160
almacenurbano71@gmail.com
www.facebook.com/AlmacenUrbano

ASOMATE
tu tienda de oportunidades

Telefonía · Consolas · Videojuegos
Compramos tu viejo móvil
Distribuidor Autorizado **CANAL+**

Sol Moldes González
asomate14@hotmail.com
www.asomate.eu

C/ Colón, 3 - Baixo
TOMIÑO (Pontevedra)
Tel: 986 623651 - 600 009 192

CITANIA
Mobles & Descanso
Victoriano Pérez Vidal 13
SALCEDA DE CASELAS
Telf./Fax: 986 34 06 06
www.facebook.com/citania moblescitaniam@gmail.com

GOLOSOS

Golosinas
Helados
Snacks
Refrescos
Tartas de Gominolas
Artículos de Regalo

Calle Oia n 8 - TUI Tel: 886 135 477
661 53 56 35
facebook.com/golosotui

Somos Diferentes
Endulzate la vida

M&R
ESTILISTAS

C/ Alcalde Casal Aboi, Nº21 Baixo - TUI
myl.tui.estelistas@gmail.com

986 604 444 682 800 754

A Guarda nomea como fillo adoptivo a Xosé Carlos Gómez Alfaro

O pasado sábado día 24 de novembro celebrouse un pleno de carácter extraordinario cun punto único na orde do día, o Ditame de nomeamento de don Xosé Carlos Gómez Alfaro como fillo adoptivo a título póstumo do Concello da Guarda, polos relevantes méritos contraídos e servizos prestados ó municipio.

En palabras do alcalde, Antonio Lomba, “este recoñecemento é unha mostra de gratitude ao poeta Xosé Carlos Gómez Alfaro, quen, en reciprocidade ao acollemento que se lle dispensou entre nós, incorporou á Guarda no seu universo poético.”

Nun pleno moi emotivo, os diferentes portavoces dos partidos políticos con representación municipal fixeron



as súas quendas de intervención para dar pé á votación e posterior palabras de agradecemento por parte dos familiares de Xosé Carlos Gómez Alfaro, presentes neste acto: a súa viuva, o seu fillo e a súa nai.

O Alcalde da Guarda foi o encargado de entregarlle un

ramo de rosas, o pin de ouro do Concello da Guarda e o diploma de fillo adoptivo. Posteriormente foi Joaquín Cadilla o encargado de dar lectura a uns poemas de Xosé Carlos Gómez Alfaro, recollidos nun libríño editado por Infomaxe e o Concello da Guarda, especialmente para esta ocasión.

O Concello da Guarda entrega detectores de fume aos maiores de 65 anos

O Concello da Guarda a través da Concellería de Emerxencias pon a disposición dos maiores de 65 anos do municipio un detector de fume para a súa vivenda.

Segundo explicou o concelleiro de Emerxencias, Miguel Español, un total de 200 destes aparellos repartiranse preferiblemente entre os maiores de 65 anos que vivan sos, para evitar situacións de risco de incendio e detectar de xeito rápido os fumes no interior das vivendas. O reparto realizarase a través do Concello e en colaboración con colectivos que traballan na vila con persoas maiores.

Este aparello, que funciona con baterías de 9v, ten un mantemento mínimo, coló-

case de xeito moi sinxelo e ven acompañado dunha guía e consellos onde se explica de xeito moi fácil como hai que colocalos.

As persoas interesadas en obter este aparato de detección de fume deberán dirixirse as oficinas municipais de luns a venres en horario de 9.00h a 14.00h para facer a súa petición ou chamando ao 986 61 0000. Realizarase un listado entre todos os solicitantes para despois facerlles a entrega.

A entrega destes detectores é froito dun convenio coa Axencia Galega de Emerxencias, dentro do programa de Cooperación Transfronteiriza España-Portugal e baixo os Fondos Europeos de Desenvolvemento Rexional “unha Maneira de facer Europa”.

BIPER
Cafés & Bóttalos

Un sabor para cada momento do día
AVD CONCORDIA 66-68 TU

TODOS OS XOVES NA
A TABERNA tui

Pulpo á Feira
PULPEIROS
A RENTEIRO
do Carballiño
T. 986 624 164

TAMBIÉN PARA LLEVAR PARA CASA

SANFER MASTER
ELECTRÓNICA - ELECTRODOMÉSTICOS
SERVICIO TÉCNICO DE TÓDALAS MARCAS

R/ RAFAEL TILVE, 9 - 36470 SALCEDA
TLF./FAX 986 34 72 41 - Email: sanfer@siex.net

Alimentación y Carnicerías RODRÍGUEZ

"Servicio a domicilio"
Plaza de Abastos - Telf. 986 22 87 37 - TOMIÑO
Telf. 986 63 31 65 - CURRÁS - TOMIÑO

Loterías y Apuestas del Estado

BAR CASELAS
Nieves Canosa Lorenzo

TLF: 986 34 79 69
Avenida de Galicia, 3 SALCEDA DE CASELAS

CAFE BAR O SOBREIRO

Rúa Cigüeñeiras, 14 / C.P.: 36720 - Guillarei - TUI
Telf.: 657 349 505

Louriña

Redacción

A Alcaldesa do Porriño denuncia o estado dos profesionais do PAC

Alcaldesa, Eva García de la Torre, vén de poñerse en contacto coa xefa de servizo do Punto de Atención Continuada (PAC) do Porriño para amosarlle seu apoio e poñerse a súa disposición ante a situación que está a sufrir o persoal do mesmo.

García de la Torre lembra que o servizo neste PAC vense prestando en equipos de dous médicos e dous enfermeiros que fan gardas de 17 ou 24 horas cada catro días: 8 médicos e 8 enfermeiras que cobren todos os días, as noites e as fins de semanas do ano.

Nos vindeiros días, por mor das vacacións de Nadal, baixas por enfermidade ou excedencias, o equipo contará con catro médicos menos o que suporá que os outros catro terán que realizar o mesmo traballo que facían oito.

A alcaldesa considera esta

situación intolerábel e inaguantábel e denuncia á Xunta de Galicia por someter a estes profesionais a unha presión e carga de responsabilidade totalmente insoportábel e por “tratar ás veciñas e veciños do Porriño cunha falta de respecto insultante e consideralos coma cidadáns de segunda”.

Eva García de la Torre lembra que no pasado Pleno, no que se aprobara, a proposta de EU-Son, e co voto en contra do Partido Popular, pedir a dimisión do conselleiro de Sanidade, Jesús Vázquez Almuiña, a responsábel de sanidade do grupo municipal do PP insistiu, mesmo increpando a postura do resto dos concelleiros da Corporación, que O Porriño conta cun bo servizo de saúde e gabou o traballo da Xunta neste sentido.

A alcaldesa subliña que a xestión de Alberto Núñez Fei-

jóo e do seu conselleiro de Sanidade no que atangue á atención sanitaria das porriñas e porriñeses pódese resumir nunha palabra: desprezo.

Este abafallo amósase no feito de que non ten consideración algunha polos médicos e enfermeiras que traballan no Porriño, non ten intención de mellorar os actuais servizos: nin o centro de saúde, nin ten en conta as súas necesidades en radioloxía, saúde mental ou pediatria.

Aquel desprezo amósase de xeito máis descarado no silencio diante das constantes solicitudes por parte do Goberno local do Porriño para manter unha xuntanza cos responsábeis da Consellería de Sanidade, solicitudes, como sucede con varias das remitidas por correo electrónico, que se eliminan sen abrilas sequera.

Mellora da accesibilidade na contorna de Domingo Bueno, San Benito e Cementerio



A Concellería de Vías e Obras, que dirixe Manuel Carrera, vén de rematar o acondicionamento de beirarrúas para mellorar a accesibilidade na contorna da Avenida de Domingo Bueno, rúa San Benito e acceso ao Cementerio Municipal.

“Este proxecto segue a facer realidade a vontade do Concello de mellorar a accesibilidade e a mobilidade peonil nas nos rúas e prazas, algo que vimos demostrando dende que asumimos o Goberno Municipal”, sinala Manuel Carrera.

As obras, co-financiadas pola Consellería de Política Social, dentro do programa operativo do Fondo Europeo de Desenvolvemento Rexional, veñen a actuar nunha parte do Porriño que non cumpría a normativa legal en materia de accesibilidade.

Os traballos abrangueron catro áreas de actuación: a beirarrúa dende o aparcamento do supermercado Eroski ata o cruzamento coa rúa Fernández Areal; o paso de peóns de San Benito, que atravesa o Parque; beirarrúa dende a escaleira anterior ata a rúa San Sebastián, xunto co paso de peóns cara ao

parque e o cemiterio e a o propio acceso ao camposanto que “tiña uns problemas evidentes de accesibilidade”.

Como sinala Manuel Carrera, esta actuación, que contou cun orzamento de máis de 90.000€, “é unha das máis importantes realizadas polo Goberno local en materia de accesibilidade” e supuxo o anheado da beirarrúa que chega a o paso peonil de Fernández Areal e a substitución do pavimento que estaba danado; fíxose unha “resolución” dos dos cruzamentos, á altura da rúa San Benito, que se refixeron na súa totalidade establecendo unha pendente acaída e sen resaltes, o mesmo que o paso de peóns de cruce da avenida.

Por último, subliña o concelleiro de Vías e Obras, “solúciónase o problema de accesibilidade ao cemiterio cunha nova rampla e unha nova escaleira, ademais da actuación na súa contorna inmediata, a eliminación dos catro chanzos existentes que había no camiño de pedra que daba entrada ao camposanto e creando no seu lugar unha rampla con menos do 6% de desnivel”.

O 40% das participantes no Programa Integrado de Emprego para Mulleres (PIEM) do Concello acadaron un posto de traballo

A concelleira de Emprego, Formación, Benestar e Igualdade, Soledad Girón, pechou o Programa Integrado de Emprego para Mulleres (PIEM) do Concello do Porriño, destinado só a mulleres, unha iniciativa que, sinalou Girón, conta coa colaboración da Xunta.

Este programa, no que participaron 85 alumnas, permitiu a inserción laboral de 34 delas, o 40% do total.

Soledad Girón lembrou as dificultades que tivo que salvar o Goberno local para poner en marcha este proxecto que estivo íntegramente adicado a mellorar as posibili-



dades das participantes para voltar ou acceder ao mercado de traballo, un obxectivo especialmente importante dado que a taxa de desemprego entre as veciñas do Porriño é moito máis alta que entre os homes.

O PIEM permitiu, porén, nuns casos, a contratación de varias das participantes no mesmo e doutros, a mellora da súa formación, teórica e práctica, e a especialización para que atopar un emprego sexa máis doado.

O PSdeG inicia o proceso para readmitir á alcaldesa do Porriño como militante

Eva García de la Torre sae absolta de todos os cargos que se presentaron contra ela polo exercicio da súa actividade profesional

A Comisión Executiva Provincial de Pontevedra iniciará de inmediato o proceso para readmitir como militante a Eva García de la Torre, alcaldesa do Porriño. O secretario xeral, David Regades, anunciou a medida esta mañá de venres tras coñecerse a sentenza que absolve a García de la Torre de todos os cargos que se presentaron contra ela polo exercicio da súa actividade profesional.

"A alcaldesa do Porriño demostrou responsabilidade ao cumprir co Código Ético abandonando a súa militancia ante a apertura de xuízo oral. Estamos encantados con que se reincorpore de novo á militancia socialista, é un valor fundamental para o PSdeG desta provincia", asegurou Regades. García de la Torre pediu voluntariamente a súa baixa como militante antes



de afrontar o proceso xudicial, que se celebrou o pasado 22 de novembro.

O maxistrado titular do Xulgado do Penal número 1 de Pontevedra entende que a alcaldesa do Porriño non cometeu ningún dos delitos que lle imputaba a Fiscalía, falseamento documental e deslealdade profesional. "É unha boa nova para as e os socialistas de Porriño e da provincia, que poderán seguir contando con Eva para mellorar

as condicións de vida da veciñanza", afirmou Regades.

Regades destacou a gran labor que de la Torre leva a cabo desde a alcaldía do Porriño, onde "as e os socialistas puxeron no centro das políticas á veciñanza". Tamén quixo lembrarse da Festa da Rosa que a finais de setembro se celebrou naquel concello, "toda unha demostración da forza do PSdeG nesta provincia, e na que Eva xoga un papel fundamental".

Salceda convertirá a antiga escola de Vendanova nun centro terapéutico para maiores



O Concello de Salceda ven de solicitar a través do Plan Concellos da Deputación de Pontevedra a financiación para a realización da primeira fase da rehabilitación da antiga escola de Vendanova para albergar un centro de estimulación terapéutica para persoas con alzheimer e outras demencias neurodegenerativas. Nesta primeira fase comprende a xustificación das obras de consolidación estrutural, contemplándose os traballos de demolición, estrutura, cuberta, carpintería exterior e conexións de saneamento e auga.

A escola de Vendanova fora construída nos anos 50, e trátase dun edificio de 254 m2 repartidos en dúas plantas. Con este proxecto mantéñense as fachadas e o acceso, pero modifícase a distribución interior para adaptala ás novas necesidades. O servizo de Patrimonio Cultural da Xunta de Galicia emitiu xa o seu informe favorable ao proxecto, polos que as obras poderían comezar de inmediato.

Para este proxecto, o Concello conta co asesoramento da Asociación de Familiares de Enfermos de Alzheimer e

outras demencias de Galicia (AFAGA). O obxectivo é o de poder desenvolver unha ampla estrutura de programas e actividades, así como a oferta de servizos de información e asesoramento, formación, apoio psicolóxico e terapéutico, apoio á asistencia persoal e asesoramento legal.

Esta primeira fase da rehabilitación conta con un orzamento de 61.058,77 € que o Concello acometerá dentro do Plan Concellos 2019 da Deputación de Pontevedra.

O Concello de Salceda, por medio de AFAGA, leva anos ofrecendo actividades para as persoas enfermas de alzheimer e outras demencias. Calcúlase que uns 200 veciños e veciñas de Salceda padecen algunha demencia neurodegenerativa, polo que este tipo de programas resultan fundamentais, na procura do seu máximo benestar, proporcionándolles as ferramentas e o apoio necesarios para a súa consecución nos aspectos físicos, psicolóxicos, sociais e familiares e desenvolvendo ao máximo as súas capacidades persoais, dentro do respecto á autonomía persoal a través dunha atención individualizada.

200 novas prazas de aparcamento gratuito na Devesa

O Concello de Salceda de Caselas está a rematar a adecuación dunha nova zona de aparcamento no entorno da Praza da Devesa. O novo espazo, que suma máis de 6.000 metros cadrados e supón a creación de 200 novas prazas de aparcamento gratuito en pleno casco urbano, estará dispoñible para ser usado nas vindeiras semanas. Estes proxectos lévanse a cabo grazas á colaboración dos propietarios e propietarias dos terreos que, en diálogo constante coa Alcaldía e coas Concellarías de Tráfico e Vías e



Obras, ceden o uso dos mesmos de xeito totalmente altruísta para a creación de novas prazas de aparcamento públicas.

Con este son xa 14 os aparcamentos esparcidos por todo

o núcleo urbán en zonas comerciais e administrativas. Estas áreas resultan fundamentais para a axilización do tráfico e para seguir a conseguir unha maior calidade de vida na vila.

Afecta a dous concellos de Lugo e a outros dous de Ourense

A Xunta aproba o Plan Especial do Consorcio dos Peares



Edificio do Consorcio de Os Peares.

O Consello da Xunta aprobou o Plan especial de protección, infraestruturas e dotacións do consorcio local dos Peares dos catro concellos que integran este organismo: Pantón e Carballedo (Lugo), A Peroxa e Nogueira de Ramuín, (Ourense).

A Consellería de Medio Ambiente, en colaboración co Consorcio Local dos Peares, redactou este plan que abrangue 350 hectáreas, concéntrase en manter as condicións ambientais dos núcleos, pero tamén prevé

varios proxectos de urbanización para mellorar as condicións dos espazos públicos, así como o sistema viario interno que articule e fixe dotacións e equipamentos. Eses proxectos terán efectos positivos na mobilidade, no espazo público e nos servizos existentes, mellorando a súa calidade.

Prevese a realización de proxectos de mellora para o viario de enlace, como a vía que vai desde Os Peares a Ambasmestas, o que enlaza Os Peares-A Granxa cos núcleos -chamados Peares- situados a

carón da estación do tren, ou o que vai dende Casdaviñ ata a estrada que dá acceso á parcela dotacional na que se sitúa o centro de saúde e a pista polideportiva. Tamén se

prevé a reurbanización do ámbito da estación de ferrocarril, a integración ambiental e paisaxística da nova ponte sobre o río Miño, incluíndo os enlaces viarios nas dúas ribeiras,

así como a urbanización do enlace entre a igrexa de Nosa Señora do Pilar e a ponte do ferrocarril e da beira fluvial do río Búbal, para a súa adecuación como zona verde.



Estación do tren nos Peares.